

decembro 2002



interea
VISUAL

00



DEPUTACION
DA
CORUÑA



"As mans do vento"

Home-natureza: Nun principio moi cerca, identificados, o home parte dun todo, no medio, non no centro. Seguiu a construción do protagonismo de especie: doma, equilibrio artificial, fráxil, inestable. -A mesma man materna que acariña, está pousada sobre as teclas dun piano, sublimación, paradigma da cultura positiva.

E fóra un oasis de arroz, algodón e paltas, unha avenida de cocoteiros, unha outra expresión suprema de cultura sen urbanizar, agricultura achegada á Terra; deserto e selva de Sechura adaptado aos predecesores. Quilómetros de canles preincaicas permitindo a arrogancia do piano. No medio do salvaxe-domado a man-matriz aloumiña as teclas do piano que, submiso, busca a aceptación da nai grande, a Pachamama. Toca pedindo permiso aos paxaros.

"Despóis do silencio o que máis se acerca a expresar o inexpressable e a música"

Aldous Huxley

Recoller o aire nun fotograma, retratar o vento... ilusión, desafío, quen sabe.

Intérpretes que apañan e modelan coas súas mans o invisible, fan-nos perceber as súas formas sonoras.

"...Me felicito por ser y por haber nacido, por mis pulmones que llevan y me traen el aire, porque cuando respiro siento que el mundo todo entra en mí y sale con algo mío..."

Gioconda Belli. El ojo de la mujer

"mans que recollen o vento"... Son ese repouso onde descansar, son a casa da memoria.

"...los árboles abrazan árboles una canción besa otra canción"

Luis Cernuda

"... nosotros, los de entonces, ya no / somos los mismos, aunque a veces nos guste una canción."

Jaime Gil de Biedma. Moralidades



"As mans do vento" é unha serie aberta, da que se seleccionaron 36 fotografías para esta exposición. Diapositivas, revelado cruzado, iluminacións e fondos, varios fondos... montadas sobre metacrilato (90 x 135 e 60 x 90 cm) e marcos tradicionais de aluminio (50 x 60 e 30 x 40 cm), lista para colgar. Montou-se por primeira vez no Claustro do Liceo de Ourense, 2ª quincena de Novembro de 2002, con motivo da celebración do Outono Fotográfico.



Xacobe Meléndrez Fassbender, 1963 Tegucigalpa-Honduras, fillo de emigrantes galego-peruáns, reside en Galicia dende os 2 anos, en Cecebre-Cambre. Autodidacta, comenza a revelar con 15 anos. En 1982 realiza un diaporama sobre a contaminación en Galicia, ao que seguen exposicións e publicacións diversas. En 1998 monta un banco de imaxes fotográficas XK3FOTO editorial, publicitaria...

(www.xk3foto.com)
xacobe@xk3foto.com



É a nivel local onde as mutacións económicas, sociais e culturais están a estimular a aparición de novas demandas e necesidades, de diferentes propostas, metodoloxías e esixencias para as políticas de intervención e xestión da cultura, do deporte, do fenómeno xuvenil. Por outra banda, percíbense evidentes cansanzos nas mensaxes e nas formas de acción: resisten o activismo e as programacións algo narcisistas, os profesionais amosan síntomas de esgotamento, hai un clamor por captar novos públicos e séguese co sono dos grandilocuentes equipamentos como amocelo para non se sabe moi ben que.

Cómpre reflexionar comunmente sobre a propia profesión, quen é profesional e cales son as súas responsabilidades. E as dos que os administran. Que servizos, programas e modelos de xestión estamos a ofrecer á cidadanía. Quizais conveña aportar crítica e autocrítica, reflexión, debate e detectar boas e malas prácticas por parte de axentes, políticos e institucións. A xestión do local pide xa ir máis alá dos sectores convencionais nos que se traballa habitualmente. Explorar novos territorios como norte, como estímulo. É o momento, pois, para escoitar ás minorías (indicadoras sempre de futuro), ós novos creadores e creadoras, as novas ideas en políticas culturais, os novos formatos en servizos, as novas programacións con maior sentido cidadán.

interea VISUAL nace ó abeiro dun proxecto máis amplo e ambicioso coa pretensión de ser voceiro teu e marco de reflexión e de aprendizaxes con outros máis. De posibilitar intercambios, recursos e claves para as desexables alteracións nos servizos persoais á comunidade desde o concello. Desde a creatividade plural e o diálogo transversal, achegándonos a diferentes realidades e protagonistas. Esta primeira entrega que recibes xorde coa humildade de establecer unha canle e ponte entre ti e os demais que teñen responsabilidades diversas nos ámbitos da cultura, do deporte e da xuventude nos municipios. Coas aportacións de expertos, técnicos e axentes socioculturais vencellados dun ou doutro xeito ás realidades municipais na provincia da Coruña. E coa aludida e necesaria colaboración na análise e construción dunha calidade de vida comunitaria dos creadores e creadoras. O modelo gráfico e os futuros contidos de vindeiras e desaxadas entregas quedan nas túas mans.

Nestes intres de incertidume ecolóxica e económica para a provincia, cómpre apostar máis que nunca polo esforzo compartido.

Na nova sociedade que estamos a construír, a sociedade da información pero tamén a do coñecemento, os elementos como esta revista recobran vitalidade en canto a súa función de actualización do coñecemento técnico que nos poidan aportar a todos.

Pero esta iniciativa non nace porqué si. Xurde da reflexión colectiva dun equipo multidisciplinar auspiciado desde a propia Deputación, ofrecéndonos iniciativas que de seguro contarán co concurso acertado de todos os que nos adicamos desde a seriedade á xestionar máis e mellor os programas da cultura, do deporte e para a xuventude que afloran no ámbito municipal.

Iniciativas como o marco da presentación desta revista: o **interea 2002**, que é o espazo do que nos dotaremos para a reflexión colectiva e a construción dun corpus teórico-práctico da nosa tarefa municipal. Pero non serán iniciativas ailladas. Todas elas e outras que vos propoñemos, buscan por distintos camiños mellorar cualitativamente o día a día dos técnicos e concelleiros de todos e cada un dos nosos concellos; sendo esta misión o eixo vertebrador dunha nova concepción de servizos e apoios técnicos que o concello dos concellos que é a Deputación Provincial quere asumir, no reto de converterse en vangarda na sociedade da información e o coñecemento.

Todas as iniciativas que emprendemos só serán posibles se contan coa participación de todos os axentes que dinamizamos os sectores citados. Pero non vale calquera tipo de participación. Buscamos unha participación xenerosa, unha participación da que nos beneficiemos todos, en definitiva unha nova maneira de interrelacionarnos.

Nos felicitamos por este novo camiño que emprendemos xuntos, e quedan as portas abertas ó traballo colectivo.

Carlos Enrique López Crespo

Deputado Provincial de Cultura, Deporte e Xuventude.



A XESTIÓN CULTURAL de ESPAZOS con MEMORIA: Coñecer para querer.

Felipe-Senén López Gómez

*Museólogo e Técnico de Xestión Cultural da
Deputación Provincial da Coruña.*

A imitación de Europa comezamos a celebrar o pasado doutros xeitos, agora en festas de historia máis ou menos inventadas sobre escenarios deturpados pola insensibilidade. Entendemos que hai moito máis detrás das tan buscadas e aproveitables antroidadas. Por iso mesmo trataremos aquí e coa brevidade requirida, dos xeitos de relacións entre o pasado e o presente. Sen esquecermos que os seres humanos alimentámonos intelectualmente de lembranzas que enriquecen a memoria, a capacidade histórica e polo tanto a capacidade de contraste, de xuízo para nutrir o almacén que alimenta a intelixencia, ese fundamento da cultura. O pasado axuda a ver claras as cousas, propicia confianza e seguridade, fundamenta a mesma identidade, ese feito diferenciador, ese aporte particular á universalidade. Non ven mal adentrarse nas bases do onte e do hoxe para entendermos os fundamentos dun mañá que irremediamente será igualmente pasado. Movémonos aquí pois, como obxecto de traballo e potenciación, entre ese xeito de materia prima que é o legado, os testemuños do pasado, tan humanizados, apesar de estaren tan materializados, e os seus autores, os mesmos seres humanos, hoxe coutados en acelerados cambios de intereses de consumo e globalización uniformadora. Tempo onde todo se monetariza, valórase en cartos. Deberíamos pois aproveitar estas mesmas circunstancias para facer rendible o patrimonio cultural, como motor económico dentro do tan teorizado (e menos posto en práctica) crecemento sostible.

Tempo este en que especialmente a xuventude móstrase ansiadamente furiosa por esgotar o presente no mesmo instante, desartellando o onte do mañán, sen referencia, desorientados no tempo. E iso quere dicir que, como remedio, compre un acougo para afondarmos e consolidarmos a debilidade do que construímos, Asumimos que vivimos nun mundo que rompe coa continuidade, co "continuum" e coas formas de vida do pasado, soamente usadas como espontáneo divertimento, tal como anunciamos arriba. Por propia conveniencia serán únicas referencias temporais ao reloxo, ao almanaque ou ás axendas, e se acaso momentaneamente algúns feitos persoais ou sociais límite e impactantes. Resulta paradóxico que incluso se tilde de "conservadores" a aqueles políticos que rompen e tiran co que avala a súa mesma memoria histórica e identidade. O pasado traspapélase no cartafol das inúteis antigualladas, as que aquí tratamos agora de rescatar para poñelas en valor, co ánimo de que non se devalue ou perda a noción do antes e o despois. Seguindo no estado da cuestión, na causa dos efectos: anos de burocratizantes, excesivas e inúteis teorías de "reunión", tras "reunión", mentres da outra banda das fiestras observamos o desperdicio dos recursos naturais e patrimoniais, con tanto que poden significar para esa fonte de sensibilización que é a cultura. A cultura define a un país nun mundo "de culturas" que aceleradamente se infla globalizándose (cos seus visibles riscos de pinchar por algures ou estoupar polas arrogancias), o que ao mesmo tempo deberá querer dicir democratización no coñecemento das diferentes "historias" e convivencia tolerante, aínda que sexa através da mellor industria que é o turismo (Herrero Prieto, L.C. 2000).

Acudindo á maxia, á ciencia, á didáctica, á educación ou ao espectáculo, os espazos da cultura que arqueoloxía, historia, etnografía, mito... deben de tentar seducir, atraer ao visitante para que volva, espalle e multiplique en progresión xeométrica esta iniciativa (Martín, M./ Rodríguez Barberán, 1996). Existen varios recetarios con consellos e teorías prácticas para a interpretación do patrimonio, que atenden tanto a fórmulas de presentación, instalacións, montaxe, iluminación, itinerarios, sinalización, como a explicacións, audiovisuais, guías, etc. (Morales Miranda, J. 1998). A xestión



"Cine Campecho". Serie fotográfica.

75x100 cms.

2001.

Vítor R. Barca

cultural trata, experimenta sobre os coidados e a potenciación do patrimonio, deses espazos de memoria, os que inicialmente non se presentan coa utilidade práctica inmediata que couta a nosa visión e imaxinación (Baallart, J. 1997). De tais supostos tais resultados. Pero aínda hai moito máis entre o patrimonio da memoria, hai outros recursos aos que normalmente non baixa o caletre, por non estaren incluídos nos tipos; refírome ao patrimonio intanxible, o ideolóxico: cantigas, cancións, contos, lendas, festas, músicas, danzas, acenos... todo ese legado que tantas veces, incluso con boa ansia, distorsionamos ou "hiperenxebriamos" por non coñecermos os substratos. É o exemplo da actual "música céltica" que unicamente segue pautas irlandesas, sen reflexionar no fenómeno orientalizador, que intuimos, no ambiente culto e popular, sen afondar máis na percusión, como o pandeiro e outros folións que aínda podemos atopar nas serras orientais de Galiza, raianas con Sanabria e Asturias.

Revivir a Prehistoria no Presente: rememorar e consolidar a Identidade e o Futuro.

Asumir o estado da cuestión relativa á xestión do patrimonio cultural, que son espazos e teorías, é un xeito de comezar. Fenómeno aínda novo, en proceso de madurez, non demasiado asumido pola administración (local, provincial ou autonómica) a non ser algún exemplo xa encamiñado que se aproxima ao de Allariz e que moito máis se podería rendabilizar. Asumimos igualmente que os difíceis, por dramaticamente competitivos, tempos que nos tocan vivir, serviron para pasarmos da prehistoria a unha contemporaneidade que, axudada polos sofisticados e internáuticos medios de comunicación, todo uniformiza. E esa experiencia vital de termos vivido dalgún xeito fórmulas herdadas da prehistoria, axuda. Así é que asumimos que somos os últimos que vimos un carro de vacas que era sistema da idade dos metais circulando polas nosas congostras, aínda vías medievais; fomos os derradeiros que asistimos ás festas colectivas de matanza do porco, a unha feira que era a pervivencia dos mercados romanos e a tantas fórmulas de actuar e de contar, contos, lendas, refráns... de "a carón dunha lareira", sabendo dos afumados baixo un tellado de palla ou tella romana... Eis a materia prima da cultura do pasado, da memoria.

Dentro desa óptica, quen isto escribe, inspirou para a súa realización desde a Deputación Provincial da Coruña, un plan de recuperación da arquitectura tradicional coñecido como "Plan 2000 de Arquitectura Popular". Tratábase de non concluir o programa na obra feita. Isto debería ser unha

experiencia inacabada, sen caer nos gastos de afeamento. Plan de acción sostible, fundamentalmente enmarcado dentro do ecoturismo, e que á súa vez e en progresión xeométrica xerese outras moitas actividades en relación coa memoria. Os concellos, administración con responsabilidade inmediata, propuñan actuacións, fundamentalmente sobre elementos arquitectónicos de significación tradicional. Foi curioso comprobarmos o que xa intuíamos: que a convocatoria pillou de sorpresa á administración local e non existían proxectos sobre o patrimonio cultural. Como conseguinte veu a aceleración, a improvisación, etc... a que si se esperaba. Para asesorar, atender de forma científica e con garantías creouse unha comisión de seguimento por parte de especialistas en arqueoloxía, historia, paisaxe, arquitectura e restauración, a un tempo que os proxectos corregidos, tal e como sinala a Lei de Patrimonio Histórico, remitíanse para a súa aprobación á Direc. Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, se era que estaban nun espazo declarado Ben de Interese Cultural (B.I.C) ou na maioría dos casos á Comisión Provincial de Patrimonio. Deste xeito abríase unha canle de participación - isto é, de traballo - no proceso de recuperación a especialistas do ámbito das humanidades, que asesorarían e documentarían o proceso de recuperación do "antes ou despois", superando a idea de valorar unicamente fachadas e meténdose tanto no interior dos espazos como no seu entorno, ata estudaren o tipo de chan, cociña, recorrido da chaminea, lavadeiros, divisións, caleados, tipos de cerchas, bigas, madeira, mobles, complementos, apertura e división de carpintería en portas, xanelas, etc, ata o impacto ambiental e complementos paisaxísticos sen ese intervencionismo que tanto dana, o dito de Chamoso Lamas, "con zure sabe peor" pode expresar mellor nosa óptica. Obras para as que, inicialmente o constructor adjudicatario debería contar co artesanado especializado de cada zona, guiados polo equipo coordinador. Nese aprender a andar andando, puxéronse de manifesto as particularidades: o patrimonio merece un tratamento especializado en cada caso, para o que se propuxeron unhas cautelas de actuación aplicables a cada tipo de construcións e que foron aprobadas pola Dir. Xeral de Patrimonio Cultural. O proxecto non debería concluir coa obra rehabilitada e cun proceso documentado, senón que se continuaba coa posta en práctica dun proxecto de rendabilización que incluso podería ser xestionado por empresas nadas dos colectivos que participaron na súa recuperación. En todo ese proceso tentábase de devolverlle ao espazo esa maxia atractiva que conforma o espírito do lugar (Gرانje, D./ Poulot, D. (Coord) 1997 pp). Entendemos que este tipo de actuacións xustifican a necesidade de ser das Deputacións Provinciais: como desde a coherencia e necesidade de ser dun plan se coordina un traballo meticuloso, tal como esixe a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (8/1995), que concellos, fundamentalmente rurais e pola súa falla de infraestrutura técnica, non son capaces de acometer. ■■■■

O Ecomuseo: unha teoría para a posta en valor do Patrimonio Rural.

A xestión do patrimonio etnográfico galego pode ofrecer mellores exemplos. Faríase necesario asumir e entrar na teoría e na práctica do ecomuseo, a que se sumará ao máis amplo recurso do ecoturismo e o turismo cultural, sistemas tan aplicados en Centro Europa desde a metade do século XX. No ecomuseo exprésanse as interrelacións entre os obxectos no marco dos contextos que lle dan senso de ser. Galiza, tan enraizada co mundo rural, labrego, mariñeiro, con tantas vivencias e tradicións ofrece un recurso inmenllorable. Mais para adentrarse na potenciación da memoria tradicional, en principio cabe fender tópicos, especialmente aquel que entende o turismo como o visitante foráneo, estranxeiro que busca sol. Esquécese a importancia do turismo interior, como fórmula ou receta para concienciar e experimentar no propio ser as vivencias turísticas. Con este xeito de aprender a andar andando, entendemos que o turismo, a parte de viaxar e recibir, é tamén un proceso de educación que cabe dentro do siloxismo "coñecer, para querer, para defender" os aspectos patrimoniais. Nese andar éntrase a un tempo nunha fase formativa de sensibilización que nos levará a establecer prioridades entre o que vale e o que non vale como reliquia histórica ou cultural. Furando igualmente na dinámica de que a riqueza trae máis riqueza e a pobreza máis pobreza. Deste xeito e a modo de sondaxe vivimos e somos cómplices do mesmísimo estado da cuestión patrimonial, para coñecermos a súa diagnose e aplicármolle unha terapia preventiva que non soamente cure, senón que mellore as circunstancias.

Sensibilizar, enxergar: proxectar os sentidos sobre as cousas.

O patrimonio cultural, dentro das diferentes modalidades que xa anunciamos, inmutable (arqueolóxico, etnográfico, histórico, artístico) ou mutable formado polos artefactos, obxectos, mobles, documentos, etc; como tamén o formado polos herdos intelectuais, pese a súa desactualización polo cambio da función, ofrece outras posibilidades en relación coa búsqueda da identidade persoal e colectiva, ese necesario baluarte contra o cambio uniformador da mundialización... e como nón, tamén como superficial curiosidade e atractivo turístico. Non convén reducirmos o patrimonio a unha escenografía pintoresca para os espectadores, senón un espazo de expresión para actores, áreas en que o visitante poida proxectar todos os seus sentidos. Aprender a sentir, a enxergar, a sensibilizarse, a soltar o que todo ser humano leva de poeta ou filósofo, a saber catar a pureza en devalar do ambiente, un sabor, un cheiro, o tacto... un todo que forma parte dunha educación non superficial e que vai moito máis alá da simple ollada, do tópico "xa o vin". Mais acheguémonos dunha teoría á práctica: para furarmos nesa "Historia interminable" recurrírase a unha xestión activa, menos burocrática, e polo tanto menos "funcionarial", para experimentarmos fórmulas especialmente nas horas e nos días de ocio, que paradoxicamente é cando estes espazos ofrecen o cartel de "pechado" aínda que con un control da administración no referido á conservación e musealización dos bens, con certa liberdade dentro das pautas, recurrido igualmente a vellas solucións, agora innovadas, como a que a nivel gastronómico ofrecen as tradicionais e tan desprestixiadas tabernas, eses espazos de encontro e de seductora simpatía: o caldo, os afumados, a empanada, as caldeiradas, as filloas... son xeitos de xantar de baixo custe que ofrecen tradición e calidade e que deben sumarse a un redeseño do buscado souvenir, agora feito no mesmo contexto artesanal, ese anaco de lembranza feito polas mans do país e que o visitante nostáxico quere levar consigo. Engadindo ao sistema de seducción turística festividades tradicionais que cómpre incorporar ao almanaque, ao dietario económico.

O Patrimonio Cultural como valor de consumo.

Os monumentos xeran economía, rendas a curto e especialmente a longo prazo, abren camiños e posibilidades de futuro para si e para o seu entorno inmediato, como foco de atracción que son, mais tamén para outros sectores difusores máis afastados (Varios, 1999). A economuseoloxía é unha ciencia nova que trata precisamente desas relacións entre a institución do museo e o público, márketing e economía por medio. A democracia debe facer partícipe ao pobo dos seus propios bens tradicionais; de non ser así estaríamos facendo pechado esoterismo antidemocrático entre xestores ricos e intelectuais oportunistas. Entramos en coherencia ao decatármolos que, ao fin e ao cabo e fundamentalmente de cara ás estatísticas, o benestar social ten as súas bases nesa mesma cultura da memoria, a que agora propiciamos e outros esquecen. Nunca se malgastará na recuperación do patrimonio cultural, nen nunca nesa educación que trae máis e mellor educación, a calidade sobre a arrogante cantidade dos proxectos "máis grandes", "únicos" do mundo... Ese camiñar que exemplarmente crea pasado abondará nas relacións co patrimonio, co pasado e co futuro. De todo iso deberíamos de saber moito máis, por experiencias vividas, os galegos, todos os que fomos capaces de crearmos, mantermos e facermos sobrevivir os camiños de peregrinación a santuarios, catedrais, a espazos de feira e romaría.

A preocupación contemporánea por conservaren o pasado de forma sistemática e científica, como elemento ao que amarrárense, caracteriza ás sociedades modernas, nun tempo de presas, do efímero, do usar e tirar, e por imitación e mesmo por necesidade de ser e ir medrando (Tusell, J. 2001). Novas institucións, nova lexislación, novos creadores, troques, publicacións, congresos, experiencias, coleccionismo, souvenirs... son algúns dos efectos, os que poñen en evidencia a madurez cultural. Os sorprendentes recursos virtuais, tan vendidos por catálogo a quen non ten ideas, nen fórmulas de xestionalas, non serán nunca capaces de encheren o baleiro destas ausencias. Claro que todo está en función dunha política cultural atinada, que inicialmente asuma o estado da cuestión, para aplicar unha diagnose e unha terapia eficaz.

BIBLIOGRAFÍA

- Política y Sociedad: El patrimonio cultural. Nº.-27. (enero-abril) Política y Sociedad, revista de la Universidad Complutense. Madrid.1998.
- Abaco: Patrimonio industrial, museos y desarrollo local. Baco, revista de cultura y ciencias sociales, 2ª época, nº.-8. Gijón-1986
- Aixa: Experiencias museísticas en etnología. Monográfico. Aixa, nº.-6 Revista Anual del Museu Etnologic del Monseny, la Gabella. Girona 1994.
- Aixa: Cultura-natura. Museos y parques naturales. Monográfico. Aixa nº.-8. Revista Anual del Museu Etnologic del Monseny, la Gabella. Girona 1997.
- Ballart, Josep: El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso. Ariel Patrimonio Histórico. Barcelona 1997.
- Grange, Daniel J. / Poulot, Dominique (Coord.) L'Esprit des lieux. Le patrimoine et la cite. La pierre et l'écrit. Presses Universitaires de Grenoble-1997
- Herrero Prieto, LC (Coord): Turismo cultural: el Patrimonio Histórico como fuente de riqueza. Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla León. Valladolid 2000
- Martín, M/ Rodríguez Barberán, J.: Difusión del Patrimonio Histórico. Cuadernos. Instituto Andaluz de Patrimonio Histórico. Junta de Andalucía. Sevilla 1996.
- Morales Mirandaia, Jorge: Guía práctica para la interpretación del Patrimonio. El arte de acercar el legado natural y cultural al público visitante. Difusión, colección. Junta de Andalucía, Consejería de Cultura. 1998.
- Tusell, J. (Coord): Los museos y la conservación del patrimonio. Debates sobre arte. Fundación Argentina. Madrid 2001.
- Varios: Patrimonio y patrocinio empresarial, una perspectiva europea. Seminario internacional. Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla y León. Valladolid 1999.

ARTE e CONCELLOS

Isaac Pérez Vicente

Membro da AGAV

A brevidade que esta comunicación require, obrígame a dar unha visión apresurada dunha problemática ampla e complexa. Por esta razón semella máis axeitado relatar brevemente que sucede nun municipio cando, no exercicio dos nosos dereitos cidadáns, cuestionamos a responsabilidade pública para coa promoción e difusión da arte.

Non é comparable o sucedido en Vigo con motivo da creación do MARCO (Museo da Arte Contemporánea) con outros ámbitos municipais de menor poboación, mais as contradicións de fondo son as mesmas, e a ausencia da menor reflexión sobre a función da arte no ámbito municipal, tamén. Unha decisión unilateral dun representante público, previo asesoramento formal que a lexitima, cristalizase na creación dun museo da arte contemporánea. O proxecto por anacrónico, é cuestionado por artistas de Vigo. A publicación nun medio de comunicación da opinión dos artistas de AGAV (Asociación Galega de Artistas Visuais) da cidade, é o inicio dun proceso que desembocará nas Xornadas de debate: Vigo, un espazo para a arte e a cultura contemporánea, iso si, despois dun laborioso camiño mediante o diálogo, mais tamén coa presión cando esta fíxose necesaria.

Pretendimos realizar alí, unha análise das carencias municipais no ámbito artístico e cultural para establecermos unhas pautas de racionalidade nunha actuación determinada, o museo, que se anunciaba á cidade co característico estilo espectacular-triunfalista dos políticos. A análise revelou as evidencias que sustentan a política cultural municipal: por unha banda, ausencia de persoal especializado, de orzamentos e de programa de exposicións, e por outra, abandono á súa sorte dos contados espazos públicos para estes mesteres, que como semella lóxico, adoecen das mesmas carencias.

Pretendimos tamén suscitar unha reflexión en profundidade sobre o perfil do novo museo tendo en conta o contexto en que se inscribe, para concluímos na conveniencia dun modelo de centro de arte e cultura como espazo de debate e participación sobre as problemáticas culturais actuais: a función da arte, a particularidade rural/urbana do ámbito municipal, a súa dimensión metropolitana, o urbanismo, unha obrigada revisión crítica do noso pasado cultural, a condición periférica e as súas posibilidades, etc. Mais o resultado de todo isto sitúase ben lonxe dos nosos desexos: un museo de arte contemporánea á medida dos intereses do espectáculo reinante coincidentes cos intereses dos seus servidores, os representantes políticos, segundo a regra do "vender cidade", da rendabilidade (mediática) como norma inquebrantable e demais cantinelas. Alí quedan, sen resolveren, carencias e desequilibrios endémicos, e no confinamento da función da arte e a cultura como apéndice da industria turística e recheo do tempo "libre".

Cito de pasada algúns aspectos que, ao meu parecer, dificultan os procesos de racionalización e conducen a esixencia de participación ao desánimo e á impotencia. Cando se accede a instancias políticas, sen distinción de nivel, é frecuente atoparse co autoritarismo duns e doutros, que ven sendo o mesmo. Autoritarismo e paternalismo en que se educaron uns e herdaron outros. Desvalorización e baleiramento da democracia da man da clase política, incapaz de promover e garantir a participación, fiel reflexo do funcionamento das súas propias organizacións:

1. A transformación da cultura en mercadoría pola dominación que a economía exerce sobre a política, co consentimento e a entusiasta colaboración dos políticos no asunto.
2. O determinante papel dos medios de comunicación na banalización da

arte (a sinatura contra a obra, o prezo contra o valor, o oficial e institucional contra as iniciativas colectivas, a corrección política contra a crítica)

3. A prepotencia e protagonismo dos políticos: os grandes proxectos contra o día a día do quefacer artístico e cultural.
4. O tradicional individualismo que, créndose neutral, só reforza as relacións de dominación entre administración e administrados.
5. Un asociacionismo colaboracionista ou gremialista, interesadamente fomentado, afastado de todo aquilo que implicar valoracións políticas dos asuntos que lle atinxiren.
6. A fragmentación dos diversos axentes culturais ensimismados nas súas propias problemáticas.

E non suxiro nada novo que todos non saibamos: sen unha sociedade civil disposta a cuestionar decisións, esixir transparencia e polo tanto controis, democracia real fronte a formal, a organizarse, comunicarse e encontrarse, as cousas só poden ir a peor. Iso si, luxosamente envoltas e convenientemente publicitadas para facelas cribles.

Desde a nosa asociación, AGAV, propuxemos a creación de consellos municipais para as artes (e a cultura), que poderían ser implantados nas cidades de maior poboación. Na actualidade, demos un primeiro paso coa sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, convenio en que se recolle, entre outras cousas, a creación do consello, un organismo municipal fundado na representatividade dos diferentes grupos ou colectivos que conforman o sector artístico e cultural, os partidos políticos e as institucións culturais públicas e privadas.

Cunha función asesora recoñecida e asumida como necesaria pola propia administración municipal e a sociedade que representa. Mais independente e crítico, e polo tanto non supeditado aos ciclos eleitorais.

Un espazo de debate necesario para encher de contido real o apartado que nos diversos plans estratéxicos das cidades se dedica á cultura.

Un control democrático que debería incidir, xa que logo, na unilateralidade das decisións políticas, a desidia burocrática e o clientelismo mediante o cal se tecen os fíos das políticas culturais municipais, e por suposto autonómicas.

Que a administración municipal acepte unha participación cidadá como a que propomos, non vai ser tarefa doada. Necesitarase tempo e dedicación, e sobre todo, aunamos esforzos entre todos os axentes culturais implicados.

Os interesados poden acceder á información máis detallada sobre este asunto particular e outros relacionados, na páxina web da AGAV, www.agav.net, ou consultando a revista SINAL (1) que publica esta asociación.



"S/T": Acrílico sobre lenzo. 100x130 cms. 1996.
Carlos Sarandeses

CONCELLOS e PATRIMONIO CULTURAL

Manuel Vilar e César Llana

Expertos en Patrimonio Cultural


Como cidadáns temos que preocuparnos por coñecermos cal é o noso pasado e, en consecuencia, preocuparnos por definirmos cais son os monumentos (entendendo estes como referentes da memoria) que materializan a súa presenza nun espazo e que constitúen testemuños do noso paso por unha terra, da nosas realizacións como sociedade, en definitiva das pegadas que foron deixando os homes e as mulleres que habitaron ao longo do tempo este territorio. O Patrimonio Cultural é ese conxunto de bens que unha xeración sente que debe deixar ás seguintes para que saiban ou comprendan o que foron e o que poderán ser, para que se sentan partícipes dunha memoria colectiva común desde a que entenderen e comprenderen a vida e o mundo.

Cómpre tomar conciencia de que temos a nosa particular historia e que as páxinas do libro nas que a podemos ler son o noso patrimonio cultural. É dicir, os bens materiais e inmateriais que constitúen o froito da nosa maneira de sermos como somos, de como nos entendemos e nos vemos, de como entendemos aos demais e, así mesmo, de como queremos e cremos ser vistos polos outros. En definitiva o patrimonio é o arquivo da nosa

memoria, da nosa identidade, é a nosa herdanza como sociedade de todo aquilo que nos caracteriza, do que estamos orgullosos e que, en consecuencia, queremos e temos que transmitir ás xeracións futuras.

O patrimonio é identidade, é memoria e é calidade de vida.

Hoxe en día o ámbito do patrimonio abrangue conceptos que van máis alá do tradicional monumento, que vai desde a arquitectura popular (hórreos, cruceiros) á paisaxe, ás actividades e formas de coñecemento, etc... Elementos todos eles que debemos conservar e transmitir aos que viren despois de nós vivirmos aquí, atendendo ao que de calidade cultural e física nos aportan. Porque os bens culturais non son elementos illados nen unicamente posúen unha valoración monumental, estética ou de excepcionalidade, senón que os bens cobran o seu sentido e adquiren o seu significado no contexto da sociedade á que pertecen e no espazo no que están inseridos.



É dicir, o patrimonio recórdanos, se sabemos e queremos ler, a memoria acumulada pola nosa sociedade na súa relación co medio e cos outros e as respostas que deron os seus habitantes ás dificultades que atoparon. Unha experiencia que pode e ten que servirnos para afrontarmos os problemas do mundo de hoxe.

Porque a nosa sociedade soubo acumular experiencia e crear espazos, conseguindo cotas de tecnoloxía e de optimización dos recursos do seu medio capaces de satisfaceren ás súas necesidades económicas, sociais, funcionais, simbólicas.... Por exemplo, os nosos antepasados crearon arquitectura, vías de comunicación, lugares de encontro e sociabilidade... ámbitos todos eles que son documentos da nosa propia historia como homes e mulleres vivindo socialmente e en relación cun medio e cunha cultura común. Documentos que se destrúen moitas veces impudicamente en nome dunha falsa modernidade, como se non fosen as sociedades modernas as que viron a utilidade do patrimonio cultural.

Coñecermos o noso patrimonio leva pois consigo, ademais de coñecermos a nosa identidade através das realizacións das que fomos autores, a recuperación, que non pode ser incompatible coas actuais condicións de habitabilidade, a recuperación de técnicas de construción, de materiais procedentes do noso entorno, da revitalización de oficios tradicionais...de comprender a lóxica da ordenación do espazo coa conseguinte capacidade de adaptala ás necesidades actuais. En definitiva, temos que saber aproveitar e usar o legado do pasado na medida que poida contribuír a mellorar a nosa calidade de vida sen renunciarmos aos nosos referentes culturais.

Polo tanto, e dentro desa concepción actual da cultura como idea ampla, pluralista, dinámica e participativa, tamén temos que integrar ao patrimonio cultural, porque o Patrimonio Cultural debe valer para aumentarmos a nosa calidade de vida (tanto intelectual como material), debe valer para axudarmos a un desenvolvemento integrado, como arma para facermos fronte ao desraizamento que nos trae unha globalización consumista que pretende tan só que sexamos seres sen identidade e fáceis de manexar, individuos consumidores e non cidadáns que poidamos tomar libremente decisións. E as armas contra esa perda de identidade témolas tamén no noso Patrimonio Cultural.

Mais para que o Patrimonio tiver utilidade temos, primeiro, que identificalo para o podermos coñecer e para o disfrutarmos. A administración local debería realizar, e ten armas para facelo e en casos xa se fai, inventarios do patrimonio para coñecelo e identificalo, para darlle nome, é dicir, recoñecer a súa existencia. Se non sabemos o que temos tampouco teremos acceso ao mesmo. O acceso ao seu disfrute e coñecemento será restrinxido ou manexable por uns poucos, e estaría lonxe dese preceito constitucional que fala do dereito que todos temos ao acceso á cultura.

Identificado o patrimonio podemos decidir despois que conservamos e que non ou que é o que queremos recordar e que é o que queremos esquecer, pois historicamente non hai sociedade que poida socialmente lembrar todo, como tampouco se pode conservar todo. E este é un proceso de construción da nosa memoria social no que temos que participar para decidirmos que bens recoñecemos como propios da nosa cultura, que uso lle damos e que grao de protección xurídica queremos que teñan.


E, como último paso, o patrimonio ten que estar ao servizo da promoción cultural. Os bens culturais son documentos que nos proporcionan información sobre a nosa propia historia. Os cidadáns teñen que ter instrumentos cos que poder ler e comprender eses documentos, poidan facer a súa propia interpretación sen medo a discreparen doutros criterios. Os cidadáns teñen que facer seu o patrimonio para que este sexa algo vivo e algo que nos axude a sermos cidadáns libres e orgullosos do seu, é dicir, que eses bens se fagan patrimoniais "debido exclusivamente a la acción social que cumplen, directamente derivada del aprecio con que los mismos ciudadanos los ha ido revalorizando" (Preámbulo da Lei 16/1985 do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español).

No actual ordenamento xurídico é obriga dos poderes públicos garantiren a conservación e a posta en valor do patrimonio cultural. En concreto a lexislación galega encomenda aos concellos a protección, a defensa e o realce, así como difundiren o valor cultural, dos bens integrantes do seu patrimonio cultural. Polo tanto os concellos teñen responsabilidade a respecto do patrimonio cultural do seu ámbito territorial. Mais estas responsabilidades non son asumidas dun xeito activo, na realidade a tutela e posta en valor son accións que case sempre se deixan en mans da Administración Autonómica.

As administracións locais deberían xestionar o patrimonio cultural, tendo ben presente que estes bens culturais son, ante todo, instrumentos de promoción cultural. Polo tanto todas as medidas que se tomaren ao respecto deben ser compatibles cos dereitos dos cidadáns a satisfaceren através deles as súas necesidades culturais. Mais tamén temos que ter en conta que hoxe o patrimonio é un elemento máis de desenvolvemento sobre o que xiran moitas políticas europeas, sobre todo as relacionadas co rural.

"Mare": 2001.

Manuel P. Rúa



As CIDADES e as VILAS como **IMPULSORAS** de **NOVAS ALFABETIZACIÓNS** e como **ESTIMULADORAS** de **FORMACIÓN PERMANENTE** na **CIDADANÍA**.

José Luís González Fernández

Mestre.

Técnico de Educación. Concello de A Coruña

Desde a sinatura da Carta de Cidades Educadoras (Barcelona, 1990) ata o momento presente, ten pasado un tempo que supón non só o remate dun século e o paso a un novo milenio na vida das cidades e das vilas, senón tamén unha evolución do concepto inicial de cidade educadora debido á praxe dos enunciados do documento, á experiencia acumulada, aos acontecementos que se sucederon nese andar e, por tais motivos, aparece a necesidade de ir construíndo novas alternativas para a actualización da redacción orixinal.

Aquela concepción de cidade, como sistema de recursos educativos, pasa hoxe polo chamado "proxecto educativo de cidade" no que se pretende que a urbe no seu conxunto transmita uns determinados valores comúns considerados universais e que esa difusión se perciba nunha coordinación efectiva intramunicipal e nunha participación activa e comprometida dos axentes sociais que asumen, así, a súa responsabilidade educativa como membros vivos na execución do proxecto.

Desde a devandita idea orixinal ata a tendencia actual, foron desenvolvéndose unha diversidade de intervencións que mostraron o grao de compromiso político dos gobernos locais en investimento cultural e en formación permanente para a súa cidadanía seguindo unhas pautas de actuación pre-determinadas ata modelos de activismo ou propostas dispersas, cun carácter máis ou menos sistemático, nos que non existiu articulación nen finalidade concreta e que, en definitiva, non deixaron ningún pouso cultural na cidadanía.

O desinterese, descoñecemento e a escasez de ideas dalgunha clase política para establecer modelos, a feble consideración social das persoas que traballan para que a culturización da cidadanía sexa considerada como un ben de interese común, a falla de accións que motivasen aos axentes sociais a participaren na coxestión de proxectos urbanos colectivos, unha escasa intencionalidade por promover a concienciación e unha mellor organización nas entidades cidadanas para levaren a cabo actuacións potentes e coordinadas xunto coa posición dos aparatos burocrático-administrativos municipais impedindo as intervencións máis innovadoras son distintos argumentos para deseñar un panorama diverso e, ás veces, sombrío e de desencanto no que se precisa aportar reflexións e mostrar dinámicas concretas que produzan distintas enerxías para actuar en direccións determinadas e para volver a dar esperanza aos máis comprometidos na transformación cultural e social da cidade.

Debemos pasar da faramalla que nos traslada, permanentemente, que a educación é a base do progreso humano nos eidos persoal e social, que o futuro da cidade non será tal se non existir a existencia dunha cidadanía que tiver a posibilidade de desenvolver as súas capacidades, que a práctica cultural debe converterse nun hábito social e de que o reto da cidade está en investir en educación para mostrar referentes que serviren para visualizaren a acción cultural como elemento patrimonial de interese xeral e como valor de consideración social sen olvidar que o modelo posúe connotacións específicas e que, como tal, é lexítimo estar en desacordo con el e nas súas concrecións por diferentes causas.

O que se desexa mostrar pasa por estas finalidades:

- Definir os principios básicos que a cidade debe perseguir para posibilitar a consecución de habilidades que permitan á cidadanía o acceso á cultura, o emprego das súas capacidades como competencias e a adquisición de procedementos que permitan unha mellor convivencia comunitaria.

- Promover a formación de mediadores (educadores urbanos) capaces de vincular a cultura da cidade á súa cidadanía e a singularidade da súa poboación como elemento identitario.

- Desenvolver actuacións que permitan a xestión cívica da cidade como forma de promover valores urbanos e como xeito de fomentar a participación social na propagación da cultura na cidade máis alá dunha prestación de servizos.



Principios para xerar habilidades cidadás.

É preciso, en primeiro lugar, consensuar con todos os axentes sociais uns principios mínimos de carácter universal que debería perseguir a cidade co ánimo de ter camiños para acadar unha cidadanía competente e integrada no seu medio.

Estes fundamentos básicos poderían ter a pretensión de que:

I. A cidade fose a referencia como experiencia plena e como realidade directa. Isto significa ter o propósito de percibir a cidade, os seus recursos, as cuestións que aboian no territorio urbano con ímpeto e a versatilidade de situacións sociolóxicas que se dan a cotío no medio urbano relacionadas coa transversalidade non formal (educación vial, para o consumo, para a igualdade de oportunidades, para o interculturalismo...) como elementos cara a adquisición de coñecemento significativo na cidadanía.

II. O acceso da cidadanía a unha base de experiencias ricas servise para avivar novos intereses, potenciar novas afeccións, desenvolver unha sensibilidade capaz de captar os valores estéticos do patrimonio, dos espazos singulares e das producións que apareceren nos investimentos culturais que posúa a cidade e para a adquisición de habilidades motrices de carácter utilitario empregando a cidade e os recursos deportivos que se atopan nela.

III. A transmisión de valores foi unha arela que implementase na cidadanía "a arte de vivir" para cuestionar o mundo e a realidade do medio no que está inmersa, para interiorizar ideais polos que se comprometer, para enunciar e pór alternativas fundamentadas en pensar a cidade e para adquirir competencias cívicas.

IV. O descubrimento de novos contextos de encontro, comunicación e interacción social facilítase oportunidades para a relación, para a resolución pacífica dos conflitos individuais e para o establecemento de canles para a convivencia dos grupos.

V. A provisión de estratexias de aprendizaxe fomentase na cidadanía, de forma xeralizada, a segunda oportunidade para aquela poboación con menor formación, o acceso a novas alfabetizacións, o ensinar a aprender e a conseguir autonomía na educación permanente e na utilización intelixente de todo os compoñentes culturais e deportivos que se atopan no medio urbano.

Os educadores urbanos como mediadores entre a cidade e a cidadanía.

A posta en práctica do ideario exposto xa non é posible deixalo só nas mans do sistema educativo formal ou na acción do voluntariado. É preciso que a municipalidade proceda para enarborar e acometer un proxecto que debe tomarse como unha viaxe na que deberá invitarse a aqueles axentes urbanos que quixeren embarcarse en distintas aventuras nas que haberá que ir sinalando roteiros e superando diversos desafíos para conseguir o propósito de achegamento, da maior parte da cidadanía, á diversidade do mundo da cultura na cidade.

Mais aínda que nas distintas travesías haxa pasaxes diversas, segundo ás necesidades a cubrir, será precisa unha tripulación que mediar para que a viaxe sexa o máis segura posible e para que os posibles riscos que xurdirán, sexamos quen de os superarmos. Así aparecen os educadores urbanos como grupo de profesionais xoves, con titulacións académicas diversas, versáteis, con capacidade de traballo en equipa, con formación específica "á carta" para o desenvolvemento do plan urbano previsto e cunha situación laboral e social recoñecida. A estes mediadores haberá que dotalos dunha cultura de calidade na que, ademais de estaren presentes os seus valores persoais, constaren: a súa crenza nos principios que inspiran o proxecto, competencias técnicas para a praxe do plan, habilidades para a utilización de novas metodoloxías, capacidade para reflexionaren sobre a práctica, intuición para descubriren temas urbanos emerxentes, apetencia de innovación e inxenuidade pola aprendizaxe permanente.

Os ámbitos de intervención dos educadores e das educadoras urbanas ocuparán algún ou varios dos seguintes itinerarios: socio-formativo, compensatorio, preventivo, divulgador, orientador, de promoción e outros que poidan aparecer nos contextos espazo-temporais da urbe.

A xestión cívica da cidade: forma activa de participación.

Chegados aquí, é preciso atopar un modelo administrativo que sexa quen de pór en uso os valores urbanos do paradigma que se propón, de insertar ese grupo humano con aptitudes para exercer un certo liderado no proxecto e de rendabilizar os recursos procedentes do público e do privado que poida xerar o plan.

Xestionar civicamente a cidade ten unha significación polisémica. É dar alternativas as necesidades educativas colectivas non satisfeitas. Significa executar proxectos socioculturais (con contidos tamén motrices) que teñen pouco que ver coa lóxica do mercado pola venda dun servizo concreto. Supón rendabilizar as actuacións que aparecen desde distintos investimentos socioculturais en momentos puntuais. É ter capacidade para establecer relacións coa diversidade de recursos culturais e educativos que emerxen no territorio urbano. Representa poder adaptarse ás necesidades que xorden de maneira continuada no ámbito da cultura e ter capacidade para flexibilizar as accións. Equivale a responsabilizar ao tecido civil que actúa sobre a cidade para formar parte dos proxectos. Manifestábase en ter unha atención específica a colectivos concretos. Distínguese pola creación de novos xacementos de emprego fóra dos sectores tradicionais de crecemento endóxeno...

Superar as dificultades que supón a concreción de todas as variables que conflúen na proposta e conseguir salva-la rixidez que aparece nas contratacións por prestacións de servizos promovidas pola administración pública, só será posible promovendo modelos de xestión distintos capaces de aunar a función social e de mercado, de adaptárense aos obxectivos socioculturais que se pretenden, de experimentaren accións innovadoras desde a excepcionalidade que debe estar presente cando se falan de intereses xerais. Isto pódese conseguir a través do terceiro sector, de experiencias de xestión con entidades propias do tecido civil urbano de carácter non lucrativo capaces de asumiren a corresponsabilidade en proxectos comúns que ilusionaren aos cidadáns e cidadás e de aportaren a crenza de construír cidade mediante o compromiso social como valor engadido através da posta en práctica de conceptos ligados á cultura como son a dinamización (estimulación, revitalización), o social (civismo, respecto, colaboración) e a humanización da cidade que dá á súa cidadanía a posibilidade de elevar o seu nivel de formación para poder avanzar na comprensión do mundo, no desenvolvemento da súa sensibilidade e na mellora de competencias para a vida colectiva.

A modo de epílogo.

O escrito ata aquí quere servir para dar constancia de modelos experimentados no campo da educación non formal e informal na cidade e que son posibles cando se posúe o entusiasmo de ter un proxecto nas mans e unha decidida postura política para levalo a cabo xa que:

- a) A cidade aporta unha morea de centros de interese que serven para motivar a culturización da cidadanía.
- b) A municipalidade é un dos elementos catalizadores de máis predicamento para que todos os axentes que conforman a cidade teñan a posibilidade de traballaren xuntos en aqueles proxectos que se elixiren en cada momento en función das necesidades que emerxeren.
- c) A coordinación, como mínimo, das áreas municipais que interveñen no acceso á cultura para o desenvolvemento de accións comúns (servizos educativos, culturais, sociais e deportivos) ten unha rápida repercusión na creación de calidade de vida na cidade.
- d) A intervención de mediadores dinámicos (educadores urbanos) para accionaren os proxectos facilita unha rápida avaliación cualitativa de realización dos mesmos.
- e) A participación do movemento asociativo non lucrativo máis alá da consulta puntual sobre os acontecementos que se producen na cidade é posible de xeito progresivo para chegar á coxestión de proxectos urbanos mediante fórmulas legais de carácter excepcional motivadas que aseguren a transparencia do gasto e rendabilización dos recursos.
- f) A profesionalización técnica e administrativa do terceiro sector facilita a realización de proxectos por obxectivos e ten maior calado que o otorgamento de subvencións xeralizadas das que non se coñecen, en moitos casos, rendabilidade social algunha.
- g) O valor social engadido de participar en proxectos urbanos pode ser clave para obter formas diversas de patrocinio para a súa execución, diante da asunción de novas competencias municipais para o desenvolvemento sociocultural nun momento de escasa vontade de financiamento público ás administracións locais.
- h) O sentido de cidade como feito colectivo é un ingrediente motivador que orixina identidade e cohesión.



EDUCACIÓN e DESENVOLVEMENTO¹

unha parella a reconciliar.

Santiago Páramo Aller¹

Psicólogo, pedagogo e director de Escolas Obradoiro

Coa posta en marcha de diversos proxectos para o desenvolvemento rural de Galicia, agrupados basicamente nos programas Leader +, Proder e Agader (cofinanciados polas distintas administracións públicas, con vixencia ata o 2006 e cun esforzo inversor que supera os trescentos millóns de euros de cara a incidiren, en maior ou menor medida, sobre 300 concellos), as perspectivas para o establecemento de iniciativas de dinamización socio-cultural, educación e interpretación ambiental e cualificación profesional en novas profesións vencelladas cos patrimonios natural e cultural, entre outras liñas de intervención no ámbito educativo non formal, deberán ser moi esperanzadoras tanto para o establecemento de accións de longo alcance, destinadas á remodelación de usos dos espazos rurais, como para o fomento da innovación en accións encadradas dentro do modelo de desenvolvemento sostible/sustentable ou/e á posta en valor do rico e variado patrimonio ecocultural (en non pouca medida esquecido ou abandonado).

Se nos fixamos en proxectos pasados do tipo dos citados, podemos constatar unha escasa atención á concreción de programas formativos pertinentes vencellados aos proxectos materiais (aos de obra e servizo, para entendérmonos); e cando existiron, case por norma ocuparon un lugar "residual" tanto no esforzo inversor, como na consideración e interese doutro tipo de esforzos destinados a facilitaren a consecución dos obxectivos de desenvolvemento. Sen embargo, estas iniciativas en formación deberían ter unha presenza protagonista, xa que logo, atenderían tanto ás necesidades de cualificación profesional, como á implementación de novas actitudes (a disposición á colaboración, a apertura ao novo,..., só por citarmos algunha), tan necesarias se realmente se queren abrir novas perspectivas para o emprego e a mellora da calidade de vida.

Así pois, considero que neste novo período os grupos de acción local de cada comunidade² deberán tomar moi en consideración non só a creación de infraestruturas materiais ou o apoio ás distintas iniciativas empresariais que xurdiren ou se promoveren, senón tamén ao trazado e plasmación de "autovías" para o coñecemento, para o non poucas veces esquecido, e sen embargo tan necesario, desenvolvemento mental (de mentalidade, máis que de cociente de intelixencia) de todos os implicados. A menos que se considere que o cambio equilibrado, autoxerado, innovador, partindo do propio (incluíndo usos e costumes),... será posible só investindo en pedra, asfalto, canos e pontos de luz; ou transferindo capital á posta en marcha de empresas.

Na realidade, todas estas actuacións son sempre necesarias, mais só terán auténtica eficacia, a longo prazo e desde a perspectiva do progreso socio-cultural e socioeconómico (que é o realmente valioso, por moito que estiveren de moda enaltecer as iniciativas empresariais como bálsamo de fiagrás), se foren "avivadas" (de "vivir") pola "animación" que lle "insuflar" á comunidade (léase significación, utilización, valoración, ...; dar "ánima" ou vida, que diría o clásico). Comunidade á que, por outra banda, se lle están a esixir novos modos de facer (sen dúbida ninguén descoñece que os fondos europeos son fondos de reconversión) e que, polo tanto, debería ser, máis alá da dogmática dos textos e preámbulos lexislativos, tanto obxectivo, coma motor das distintas iniciativas, inexcusablemente emanadas e integradas no que a propia comunidade fai, sabe e sinte (ao cabo, a financiación é principalmente pública, polo que debería primar unha dimensión optimizadora e non terapéutica dos traumas que esixen as tais reconversións).

En definitiva: para novos faceres, novos saberes, enmarcados uns e outros no agromar de actitudes que facilitaren o desenvolvemento persoal, comunitario, humano; autovías do coñecemento, sen a peaxe das autopistas da información (aínda que sexa con tarifa plana). É dicir: proxectos de formación que tiveren tanta continuidade, como flexibilidade e capacidade de adaptación ás novas necesidades que foren xurdindo; con iniciativa e vocación innovadora; e institucións que souberen aproveitar unha ampla variedade de espazos e tempos formativos ao abeiro das oportunidades que aportan as novas tecnoloxías da información e da comunicación e as novas infraestruturas e espazos para a aprendizaxe, sobre todo aquelas que se están a xerar especialmente desde os ámbitos locais (centros de formación ocupacional e outros similares, mais tamén museos, ecomuseos, parques arqueolóxicos, parques naturais, parques culturais,...).

A cuestión é se a formación non reglada se considera necesaria ou se percebe como mero gasto que se realiza, ben (e principalmente) porque hai axudas dos fondos de reconversión (de cohesión), ben porque "todos o fan" e, cando menos, serven "para ocupar o tempo". ¿Acaso non é esta o tipo de formación que progresivamente está a ter maior proxección nunha sociedade en que os cambios son cada vez máis frecuentes? As instancias políticas así o pregoan a cotío. ¿Non é preciso plantexarmos, e tamén experimentarmos, un novo tipo de institucións formativas onde a estabilidade institucional non teña que supor anquilosamento curricular?. Falo de institucións que ademais sexan colaboradoras doutros centros para diversos programas, impulsoras de innovación, animadoras comunitarias, nas que o plano ambiental, sociocultural e de formación para o traballo se conxugaren. ¿Son necesarias?. Entendo que para os novos tempos son necesarias novas propostas, tamén no ámbito educativo (asumindo este termo no seu máis amplo e profundo significado, non só como adestramento e formación, senón tamén como concientización, lembrando o concepto de Freire). ¿Son posibles?. Cando menos son imaxinables, e os novos proxectos de desenvolvemento rural poderían ser unha plataforma factible para a súa concreción.

A cuestión é se os nosos xestores locais, os que teñen a máxima responsabilidade na planificación e o desenvolvemento local, rural, comunitario, territorial,... (algún día haberá que unificar conceptos) acabarán por considerar a formación que aquí se esboza como puntal básico e imprescindible do futuro das comunidades e para isto non é pouco o esforzo pedagóxico que debemos realizar aqueles que, dende unha perspectiva profesional, asesoramos, planificamos, diriximos ou xestionamos proxectos ou programas comunitarios, educativos e culturais.

[1] Non podo menos que agradecer a Fernando Lavandeira unha primeira lectura, corrección de estilo e comentarios que sen dúbida melloraron o orixinal.

[2] Gostaría-me que se entendera a necesidade de centra-los proxectos máis nas comunidades que nos territorios.



Líñas no azul I



Grafía IV



Pegada fósil

MAR, ICONOS e PALABRAS

Maribel Longueira

“Aparte de utilizar a fotografía coma un medio expresivo na creación de imaxes e capaz de expresar a intencionalidade das miñas ideas, teño ademais unha certa especialización en fotografía do patrimonio cultural galego. Teño publicado diversos libros de viaxes e guías turísticas, e en diversas revistas literarias, medioambientais e culturais ademais doutras publicacións máis persoais como *“Alguén agarda que volva alí”* sobre La Habana.”

Tempo sen pluma



Boca azul



Os CONSELLOS da XUVENTUDE: un INSTRUMENTO de PARTICIPACIÓN EFICAZ, ESPECIAL REFERENCIA aos CONSELLOS LOCAIS.

José Ramón Rey Couselo

Presidente do CXG

Antes de entrarmos nesta realidade, cómpre facer unha recapitulación da regulamentación existente sobre este feito case inexistente. A primeira referencia de carácter legal que atopamos no caso galego aos Consellos locais de xuventude recóllese no artigo 4 da Lei 2/87, de 8 de maio, do Consello da Xuventude de Galicia (CXG). No referido preceito (das entidades que poden formar parte do CXG) e máis concretamente no seu apartado 1.e) díse: "Os Consellos locais que polos Concellos se constituán, así como os Consellos Comarcais que se constituán ao abeiro da futura Lei de Organización Territorial de Galicia". Posteriormente no citado texto legal atopamos tamén unha referencia específica aos Consellos locais da xuventude das catro provincias galegas e das cidades de Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.

Non quero dicir con isto que non houbo con anterioridade, e coincidindo coas primeiras eleccións municipais democráticas no Estado, experiencias de coordinadoras de mozos ou de asociacións xuvenís nalgunha cidade galega. O meu interese nesta primeira exposición reside exclusivamente nunha delimitación de carácter temporal e formal de como foi recollida esta realidade que estaba nas rúas; aínda que, efectivamente, o Consello da Xuventude de Galicia entendo que estaba xa "regulamentado" polo Decreto 223/1983, do 28 de Xullo; de feito celébrase na cidade de Santiago de Compostela a súa Asemblea Constituínte o 15 de Decembro de 1984.

Seguindo nesta mesma liña o artigo 48 da Constitución Española, e o artigo 27, apartados 22,23 e 24 do Estatuto de Autonomía de Galicia fan referencia á responsabilidade dos poderes públicos na promoción das condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

Pódese pensar que o feito da regulación formal do Consello da Xuventude de Galicia e máis concretamente dos Consellos Locais no ano 1987 conxuntamente cos mandatos Constitucional e Estatutario deberían ter possibilitado un escenario de normalización absoluto quince anos despois. Desgraciadamente a realidade é ben distinta. Na actualidade pódese asegurar con rotundidade que non existe ningún Consello Local de Xuventude operativo en todo o país, entendendo como Consello Local: aqueles espazos de participación que non están adscritos a ningunha área municipal e que gozan de total autonomía no seu funcionamento e na elección dos seus órganos de goberno, e que están regulamentados polos seus propios Estatutos aprobados en Asemblea.

¿Como explicarmos esta ausencia? Entendemos que para o feito asociativo rexen as mesmas regras que sinalan a nosa existencia: nacemento, reprodución e morte. Porén, este ciclo non pode explicar este baleiro, xa que non estamos a falar dunha idea asociativa, senón dun espazo, dunha ferra-

"Laure3". Montreal serie 2. 2002.

Vítor R. Barca



menta de traballo, onde conflúen as vontades organizadas dispersas polo territorio. Se houbera que buscar "culpables", a rolda de sospeitosos tería moitos axentes. Comecemos polo máis achegado ao cidadán: os Concellos. Ningún texto regulamentador destas entidades subliña a creación destes instrumentos, feito que non ocorre con outros servizos que se ofrecen á comunidade e que si son de obrigado cumprimento segundo a Lei de Bases de Réxime Local. Esta omisión posibilitou que as poucas experiencias que se realizaron ao cabo destes anos, morresen entre a indiferencia dos Concellos, cando non foron utilizados como unha mostra máis, sobre todo nos primeiros tempos, da "preocupación" que estas administracións tiñan pola xuventude; sobre todo se non resultaban "molestos" nas súas peticións. E isto, no mellor dos casos; no peor, nen tan sequer se manifestou a necesidade de ter un órgano de expresión da vontade das organizacións xuvenís que servise de interlocutor entre a poboación moza e o Concello. A política xuvenil, materia integradora que tratarían estes consellos locais, segue a ser un "totum revolutum" que, aínda así, exerce desde coutos privados. Poucas son as experiencias, e menos as vontades, de exercer dun xeito máis democrático, coa participación cidadá, a política de xuventude, materia integrada, non por macroconcertos ou actividades semellantes, senón por todas as áreas onde está a desenvolverse a xuventude.

Outro dos sospeitosos, moi ao noso pesar, serían as propias asociacións xuvenís. Se o pensamos ben, as asociacións pódense definir por moitos ítems; pero reducindo a súa mínima expresión, o resultado final sería que unha asociación, sexa do tipo que for, é un traballo en equipo. Isto parece sinxelo, mais non o é. Crear equipo é un dos exercicios máis difíciles que existen, pois unha vez conseguido, o temor ás novas entradas, fai que esta equipa sufra unha endogamia que afecte o seu traballo. O risco é que isto impede a renovación, a creación de novas equipas, co cal, todo o avance dependerá da vida desta primeira equipa impulsora; se for longa e fructífera, a colleita será boa; se for curta e estéril, que máis comentar. Se isto ocorre na vida cotiá das asociacións, a dificultade engrandécese no caso dos consellos locais. Aquí non existe unha soa sensibilidade, un xeito de facer as cousas; senón que os consellos lexitímense e actúan pola multiplicidade, por esa riqueza que damos en chamar diversidade. Isto, como non, xera conflitos; verba esta demonizada, aínda que somos da crenza que é a que permite certo avance e que a misión non morra de inactividade, de inacción. O tecido asociativo tense que convencer de que son dous campos distintos. O primeiro é o coñecido: a súa labor asociativa que a trancas e barrancas levan a cabo; o segundo, baséase máis no diálogo, nun traballo máis integrador, no que esa misión asociativa pode complementarse con outras actividades que a súa asociación nen tan sequer contempla. O que se xera desde un consello é positivo non só para as asociacións, senón para o conxunto da mocidade, e sae do debate e do diálogo de todo o tecido asociativo xuvenil da zona.



"Tracey2": Montreal serie 2. 2002.
Vítor R. Barca

Para rematarmos, cómpre subliñar un factor neutro mais que entendemos que é importante: o territorio. A dispersión xeográfica non axuda a esa convivencia necesaria para que poidan fundarse lazos de colaboración entre as entidades xuvenís. A esta dispersión hai que sumar a carencia de espazos públicos desde os que poder artellar a realidade que se trata desde os consellos locais. Existen por suposto locais. A rede de casas da cultura, do pobo, centros socioculturais e outras denominacións, son probas máis que suficientes; o que xa non existe tanto e a vontade de ceder estes espazos ás entidades. Cómpre explicar isto. Non sabemos de ningún Concello que poña pegas á cesión das súas instalacións para unha xuntanza ou unha actividade; as excepcións a isto, contan coa presunción de inocencia. Porén, consideramos que o éxito dunha iniciativa depende, entre outros factores, da permanencia. Un programa avanza no tempo, ata se converter, por esa permanencia que citábamos, nun punto de referencia para a comunidade. Esta referencia non existe na vontade daqueles depositarios dos recursos públicos.

Quizais, vai sendo hora de reducirmos as desconfianzas e pórmonos todos a traballar para que saian á luz estes instrumentos imprescindibles para artellarmos unha realidade máis dinámica.

En Xaneiro do ano 2000 nace AMELGA, a raíz dunhas xuntanzas de membros de grupos musicais de estilos tan diversos como o hip-hop, a música tradicional e o pop rock que como punto de encontro entre as nosas visións da música tiñamos o respecto e uso da nosa lingua e o compromiso da súa defensa.

Nestas xuntanzas dámonos conta dos moitos problemas que temos os grupos para dar a coñecer a nosa música, en especial os que cantamos en galego. Nese momento acordamos unírmolos para traballar xuntos pola promoción e defensa da música feita nesa lingua, e para iso tentamos promover todo tipo de actividades co obxectivo de potenciar esa lingua, primeiro propondo esta idea a todos os grupos musicais de Galicia buscando o seu apoio, logo presentando esta asociación por todo o noso territorio.

Despois desta primeira fase de presentación, comenzamos a ofrecer e a realizar actividades orientadas á promoción dos grupos que forman a asociación, que neste momento son máis de sesenta, así como a presionar aos medios de comunicación e a institucións, tanto públicas como privadas, para que contem coa música galega nas súas programacións culturais. Froito desto naceron colaboracións como a organización do Festival 7 notas 7 cidades na capitalidade europea da cultura de Santiago no ano 2000, a organización de ciclo "as nosas músicas" coa obra social de Caixa Galicia, ciclo que levou durante todo o verán do 2001 por toda a nosa xeografía varios espectáculos musicais que ían dende a música electrónica á música tradicional. Tamén nestes anos participamos na programación das festas do San Froilán en Lugo, nas festas da cidade de Pontevedra e colaborando e asesorando innumerables festas e festivais por toda a nosa comunidade. Tamén debemos destacar os concertos didácticos e as charlas sobre música galega que levamos polos institutos neste momento.

Unha das principais teimas da nosa asociación é denunciar a falta de música galega nas programacións dos nosos concellos, tanto nas festas como nas actividades ó longo do ano que estes levan a cabo. Vemos asemesmo que os concellos non prestan toda a axuda que os grupos que comencian necesitan, por exemplo un concello rara vez dispón de locais de ensaio para grupos de música. Moitas veces hai incluso moitas trabas para dispoñer de lugares para facer concertos, sendo estes unha boa alternativa de ocio nas nosas vilas para a xuventude.

Case sempre a escusa é a falta de presuposto, sen embargo nós creemos que é mellor ter unha actividade musical municipal estable con pequenos concertos, alternando actos ó aire libre, con actos en pequenos auditorios, ou incluso con concertos didácticos para a xente máis nova, que facer unha única actividade musical ó ano con un grupo punteiro de moda.

Xan Xove

www.amelgaweb.org



interea, unha INICIATIVA DEPORTE e das POLÍTICAS



Falamos con Carlos Varela, membro do Gabinete da Presidencia da Deputación, quen baixo as directrices do Deputado de Cultura, Deportes e Xuventude, D. Carlos Enrique López Crespo, coordina a iniciativa **interea 2002**.

Pregunta: Para empezar, ¿que é interea 2002?

Resposta: É unha iniciativa pioneira, alomenos deste calado, no noso territorio en canto que busca crear un espazo para a reflexión común entre os axentes municipais responsables da cultura, do deporte e das actuacións dirixidas á xuventude. **interea** queremos que sexa un dinamizador das nosas prácticas como axentes culturais, constituíndose nun referente de calidade no noso entorno. **interea** quere ser un novo rumbo no apoio que presta a Deputación ós concellos, e un laboratorio de ideas para que estes melloren os servizos e programas dirixidos ós veciños e veciñas.

P: ¿Como xorde esta iniciativa?

R: No marco da filosofía da actual equipa de goberno cobra vital importancia a potenciación da Deputación como Concello dos Concellos, e de aquí nace a idea de deseñar programas específicos que apoiem e melloren a xestión e definición dos sectores municipais da cultura, do deporte e da xuventude. Faise obvia a importancia que cobran pois os actores destes procesos: os técnicos e responsables políticos.

O encargo e o reto proposto urxía dunha definición das propostas necesarias e das propostas posibles, de cara a encamiñar os recursos cara a lograr a finalidade proposta. Os programas propostos necesitaban dunha base sólida que nos quixemos asentar na realidade dos ámbitos a mellorar.

Tiñamos que obter datos fiables. Así a primeira actuación foi encargar un estudio o máis rigoroso posible que certificase a nosa hipótese e esbozase as liñas de actuación que a Deputación podería seguir no futuro inmediato. O resultado desta acción é o Informe que presentamos nesta primeira edición do **interea 2002**, titulado "A acción cultural, xuvenil e deportiva municipal na provincia da Coruña".

A segunda liña de actuación en paralelo á anterior, é a de crear un espazo de interrelación que tivera por protagonistas ós actores principais da xestión local, que no noso caso son os técnicos e concelleiros das áreas de cultura, deporte e xuventude da provincia.

P: ¿Quen realiza o estudio inicial?

R: Ben, nese primeiro paso o noso interese era contar cos datos máis obxectivos posibles e cunha serie de análises científicos, que serviran como sólida base para as actuacións previstas desde un inicio.

Con esta idea propuxemos as Universidades da Coruña e a de Santiago, a constitución dunha equipa multidisciplinar que analizase a realidade da acción municipal en cultura, deportes e xuventude na nosa provincia.

a PROL da MELLORA da XESTIÓN da CULTURA, do de XUVENTUDE na PROVINCIA da CORUÑA.

P: Da iniciativa INTEREA, que estamos compartindo xa coñecemos o máis relevante. ¿Que outras actuacións queredes poñer en marcha?

R: Xa desde o inicio de toda esta gran iniciativa, propuxemos a necesidade de contar con un programa de formación especializado e de alto nivel de calidade dirixido ós técnicos e concelleiros; propuxemos a realización dunha serie de publicacións monográficas de carácter técnico, tamén avanzamos a idea da necesidade de crear, ó igual que outras rexións europeas, un Observatorio da Cultura, enfocado fundamentalmente á mellorar os servizos culturais da nosa provincia. Tamén, e cun carácter menos innovador, formulamos a necesidade da creación duna Rede Virtual de Técnicos, aproveitando as novas tecnoloxías. En fin toda unha serie de medidas que no fondo provocan unha nova visión do servizo da Deputación ós concellos e unha nova forma de actuar dos técnicos municipais.

P: Falemos un pouco mais de cada iniciativa. ¿Que finalidades concretas persegue cada unha?

R: O cadro resumo de estas propostas é o que segue:

P: ¿Que outros programas e plans puxo en marcha desde a área de cultura a Deputación nesta lexislatura?

R: Ademais de manter e tratar de mellorar os programas xa existentes, como as Noites de Cine, os Circuitos de Actuacións, as subvencións e outros xa máis estables de cunha traxectoria contrastada, impementamos novos plans, algo máis innovadores como foron o Plan de Apoio Veciñal e o programa de Aulas Informáticas, entre outros. Este último tivo unha grande aceptación xa que cubrimos a necesidade de acceder as novas tecnoloxías tomado por axentes facilitadores a todos os concellos e especialmente ás áreas de cultura.

P: Xa por último e para rematar, ¿queres engadir algo máis?

R: Quixeramos agradecer a todos os que participan do *interea* o seu esforzo e aportacións que de seguro serán tomadas en conta para novas iniciativas no futuro. En de xeito máis particular agradecerlle as universidades o seu esforzo de apertura hacia os nosos proxectos e a posta a nosa disposición de todos os seus recursos, humanos, científicos e técnicos para levar a cabo este novo rumbo.

INICIATIVAS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTUACIÓNS INMEDIATAS
PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECIALIZADO	Dirixido a técnicos e concelleiros en activo, pretende actualizar e elevar o nivel formativo. Este programa queremos que teña o máximo nivel formativo posible, dándolle un recoñecido prestixio. Será un programa de formación a distancia, modular, progresivo e coas sesións presenciais necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño do Plan Formativo. • Estudo de viabilidade. • Plan de implementación
OS CADERNOS TÉCNICOS	Serán unha ou varias series monográficas que apoién as tarefas dos técnicos, aportando novos coñecementos e experiencias orientadoras.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño da edición. • Proposta dos 5 primeiros números.
O OBSERVATORIO CULTURAL DA PROVINCIA	Que pretendemos que nun futuro próximo se constituía en referente das políticas culturais presentes na provincia. Funcionaría a modo de Laboratorio de Ideas, de centro de documentación e espazo para o debate cultural.	<ul style="list-style-type: none"> • Definición da idea do Observatorio. • Plan de viabilidade e utilidade provincial. • Plan operativo a medio prazo.
A REDE VIRTUAL DE TÉCNICOS	Para potenciar a relación entre os técnicos, e a baixa dispoñibilidade para realizar encontros, nada mellor que o uso de INTERNET. Crearemos un espazo na web provincial dedicado exclusivamente á interrelación entre os técnicos da provincia e que sirva de soporte para introducir novas, exemplificacións, experiencias de interese para todos, etc..	<ul style="list-style-type: none"> • Definición da web
EDICIÓN DUNHA REVISTA PERIÓDICA	Que como número cero, e experimentalmente, editamos en <i>interea</i> 2002.	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión da <i>interea</i> VISUAL • Planificación de próximos números.

Como se aprecia son moitas iniciativas que requiren da participación dos interesados e que demostran o carácter de servizo da Deputación da Coruña. Todas elas nacen cunha vocación de continuidade e loxicamente, por encontrarmos nas datas que nos atopamos, teñen un horizonte a medio prazo.

P: Son moitos e interesantes proxectos. ¿Como os ides a deseñar e levar á práctica?

R: A experiencia actual de colaboración coas universidades, fainos pensar en seguir utilizando esta vía. O encargo para o deseño das liñas de actuación xa está feito o Catedrático de recoñecido prestixio D. José Antonio Caride Gómez, quen nos axudará a planear todas estas iniciativas.



á túa disposición en
www.dicoruna.es

A CULTURA como VEHÍCULO DINAMIZADOR e TRASVERSALIZADOR do TRABALLO COMUNITARIO.

Alfonso Filgueira López

Xefe do Servizo Sociocomunitario
do Concello de Narón.

Contextualización.

En Narón, froito dun estudo da realidade asociativa e grado de dinamización do Concello, percébase (como no resto do estado español) a grave crise que está a pasar o movemento asociativo: atomización, non participación dos socios, repetición rutinizada dos programas de actividades, excesiva politización... etc.

Cos datos do estudo á vista, parece importante crear un espazo de reflexión e de innovación: prográbase por tanto, unha serie de accións concretas que movilicen a cidadanía para convertiren a súa pasividade e atonía en actividade criadora, desde un enfoque multifactorial e transversalizador, que permita a implicación da administración municipal e da veciñanza asociada ou non, sempre co principio de traballar con criterios de sostibilidade e desenvolvemento local, aínda que a nivel moi básico.

Algunhas reflexións previas necesarias.

"A cultura dun territorio ou pobo é o resultado dun ou varios modos de interacción entre o ser humano e o entorno en que viven. Estas interaccións ou relacións son económicas (de sustento), ambientais (de traballo e acción na natureza), intelectuais (de coñecemento e de interpretación da realidade), sociais (modo de relacionarse as persoas), artísticas ou expresivas (lingüísticas ou de expresión da creatividade humana)."

"O patrimonio cultural é entendido como o conxunto de elementos materiais e inmateriais que recollen a pegada ou resultado dunha determinada maneira ou forma de interacción persoa-medio, nun territorio máis ou menos amplo".

"A cultura dun pobo ou territorio é un modelo de sostibilidade, que nun proceso temporal, é capaz de acreditar a súa vixencia. E polo tanto, o equilibrio nas relacións internas entre os individuos do grupo (impacto social), co medio (impacto ambiental), determinan a vixencia de cada cultura territorial".

"Un territorio, un pobo que é consciente do equilibrio e sostibilidade do seu modelo de relación co medio, debe ser capaz de interpretar e coñecer o seu modelo para fomentalo e melloralo".

Fundamentos do programa.

Mentres se debate sobre a conveniencia ou modo de conservar ou valorar o patrimonio cultural, este vaise perdendo todos os días en forma de ruínas, destrucións por grandes obras ou simplemente pola ignorancia e o descoñecemento.

Fronte a esta situación propónse un modelo activo, de participación popular, de responsabilización individual como persoas, e colectiva como comunidade, de coñecemento activo do seu propio patrimonio.

As figuras dos eruditos, dos xestores, dos profesionais carecen doutras figuras cruciais: os membros da comunidade, os verdaderos actores e factores da cultura, e non meros receptores dos bens culturais.

Actualmente trabállase para crear grandes infraestruturas: "contedores culturais" e organizar macroeventos, para "vender" bens de consumo cultural... Evidentemente estamos falando de "explotar novos xacementos económicos dunha sociedade do confort", e para nada estamos falando do crecemento e expansión dun pobo polo su valor cultural.

Este enfoque de produción de bens de consumo cultural, con destino a clientes, choca frontalmente coa nosa proposta de "práctica cultural da poboación", na que a cidadanía, por exemplo, "non vai ao teatro"... senón que "practica e exerce o teatro" adquirindo así unha cultura teatral que valoriza a persoa e non ao evento ou acontecemento.

Metodoloxía organizativa.

Territorial. Divídese o territorio e a poboación en zonas de intervención, asignando un educador social especializado en acción sociocultural e etnografía cultural a unha zona non maior de 10 km², nen maior de cinco mil habitantes na zona urbana ou 1000 habitantes na zona rural.

Temporal. Traballamos con tramos dun a tres anos, para que permitan unha consolidación e perfeccionamiento do traballo realizado. Aplicamos tres secuencias na execución:

- a) Achegamento do educador á comunidade, toma de contacto cos grupos e información
- b) Creación de grupos xeradores e elaboración de propostas
- c) Aplicación das propostas, fortalecemento do grupo, organización de actividades. etc

Social. Através de reunións semanais e contactos vaise agrupando ao movemento asociativo para perfeccionar as análises realizadas e fanse propostas de actuación. Os grupos xeradores (asociacións e outra veciñanza) propoñen á equipa profesional perfeccionar tecnicamente as perspectivas para que sexan executables.

Créanse dun a tres "grupos xeradores" ou "alfabetizadores", seguindo a técnica de Paulo Freire. Os grupos están compostos por persoas do movemento asociativo, e outras persoas sensibilizadas coa comunidade de todos os xéneros, idades e condición social.

De enfoques innovadores. Utilízase unha técnica de captación (en Narón, por exemplo, aplicouse para os mozos/as un "casting" co obxecto de captar actores para unha curtametraxe que se faría na vila, e dese grupo xérase un grupo de teatro, para o que se elabora un guión cos valores culturais cos que se quere traballar...)

De valores comúns ao grupo: o seu entorno. Realízanse uns itinerarios didácticos para amosar aos escolares e aos grupos xeradores o patri-

monio material e inmaterial que temos na zona (de interpretación dos valores económicos, paisaxísticos, arquitectónicos, etc), que ilustran a sostibilidade e serven para valorizar o entorno propio. Apartir de aí selecciónase un elemento arquitectónico, como base para centrar a atención divulgativa e informativa da cidadanía.

Acción concretada. Deséñanse talleres de reconstrucción, ou reprodución ou recolección cos veciños para organizar exposicións museísticas, reproducións de ciclos etnográficos, económicos, recuperación de música e danzas, lendas, teatro, etc.

Inventárianse, clasifícanse e elabóranse documentos gráficos de todos estes aspectos, ao tempo que se organizan saídas e intercambios entre distintas comunidades dun territorio que serven para tomaren conciencia do valor de coñecer e afondaren na súa cultura

Algúns dos resultados concretos. Obxectivos operativos acadados.

a) Rede de Museos Vivos, de contido etnográfico, itinerantes, que aglutinan máis de mil pezas repertoriadas e identificadas. Esta rede permite articular mostras museísticas de 200 a 300 pezas en cinco días en calquer punto do noso territorio, con máis de vinte temáticas diferentes (da madeira, dos oficios, do alumeado, da agricultura, da cristaleiría, de artesanía, do mar, do ciclo do pan...etc)

b) Rede de rutas e itinerarios culturais e ambientais na zona ou territorio no que se interven, posto que se forma e adestra aos propios veciños e veciñas para que fagan o guiado e explicación do patrimonio da súa zona.

c) Creación de grupos de teatro comunitario ou veciñal, que recrean para-teatralmente lendas, ciclos etnográficos coma o ciclo do pan, ou a salazón e secado do peixe, etc. Ou no seu caso encárganse de recrear baixo un guión elaborado expresamente, a toma de conciencia do pobo no seu patrimonio. Estes grupos de teatro, logo incentívanse para que aumenten a súa formación escenográfica e artística por medio das escolas de teatro do Padroado da Cultura de Narón.

d) Creación de Microparques Temáticos (Lenda da Pena Molexa, Samaín, Os Maios, a Esfolla, O enach Céltico); estruturados através de obradoiros de participación veciñal en diversas reproducións ou recreacións. Estes Microparques temáticos utilízanse para a visita e intercambio con outras zonas e tamén como recurso educativo dos escolares do concello.

e) Circuito de Intercambios culturais no territorio, entre todos os grupos xeradores, das actividades creadas polo programa e outras xa existentes nas propias comunidades.

f) Plataforma para a recuperación de elementos etnográficos inmateriais conservados na tradición oral que se perdían:

- Cancións, coplas e lendas.
- Actividades físico-deportivas gremiais (deporte rural)
- Sistemas metrolóxicos de superficie, capacidade e lonxitude
- Técnicas de manipulación de materiais como a pedra, a madeira,
- A palla, a conservación de alimentos, ...

g) Plataforma para a recuperación e localización de elementos e xacementos arquitectónicos (túmulos funerarios, casas medievais, castros, muiños,...), construcións abxectivas.

h) Mobilización e dinamización sociocultural da zona obxecto de intervención, propiciando a maior implicación e participación da cidadanía que se volta máis reivindicativa e medra na súa autoestima.

i) Rendabilización dos recursos endóxeos da comunidade e do traballo comunitario e cooperativo.

Trasversalidade.

O programa implica a actuación conxunta das áreas de educación, cultura, participación cidadá, mocidade, formación, servizos sociais e da muller.

Equipo técnico de desenvolvemento do programa.

a) Desenvolvemento operativo

- Catro educadores sociais
- Un animador sociocultural
- Dous monitores especializados en medioambiente e tempo de lecer
- Un director técnico

b) Asesoramento e consulta e/ou participación puntual

- Etnógrafo musical
- Biólogo
- Enxeñeiro Agrícola
- Historiador
- Artesáns varios
- Menciñeiro (médico)
- Mestre
- Psicólogo
- Avogada
- Pedagogo
- Traballadora social
- Arquitecto técnico.

j) Administración e xestión

- Un administrativo

Nota Final: Para ter unha visión clara da potenciación e versatilidade deste programa é necesario consultar o proxecto técnico, pendente neste intre da súa publicación.

Congreso Bidual sobre Concellos e Servizos Persoais á Comunidade.

"Dos modelos sectorais á concepción integral da xestión e prestación de servizos á Comunidade"

Datas: 22, 23 e 24 de Xaneiro de 2003.

Lugar: Auditorio Municipal

Destinatarios: Xestores técnicos e políticos, profesionais e técnicos municipais dos Servizos Sociais, Formación e Emprego, Educación, Cultura e Patrimonio, Lecer e Deportes, Participación Cidadá e Asociacionismo, Desenvolvemento Local, Mocidade, Muller, ...

Conferencias, mesas abertas e mesas específicas de debate, comunicacións: consultar procedemento de participación.

Prazas: 250 (50 reservadas a estudantes das ciencias sociais) por rigorosa orde de chegada de reservas.


Colaboran: Universidade de Santiago e Universidade da Coruña.

Organiza: Concello de Narón

XORNADAS de CULTURA TRADICIONAL en LIRA-CARNOTA

Asociación Cultural Canle de Lira

A Asociación Cultural Canle, da parroquia de Lira, no concello de Carnota, constituíuse en 1992 co obxectivo de organizar actividades culturais e contribuir á análise da realidade cultural e social de Galicia, tal e como se recolle no artigo 2º dos estatutos. Durante varios anos desenvolveu actividades culturais e de dinamización social, semellantes ás que realizan as restantes asociacións culturais do país.



No ano 1999, os membros da Asociación abren un proceso de reflexión e de debate, conscientes da pouca dinamización social e cultural da parroquia e do concello, territorio que segue a padecer a enfermidade da emigración forzosa, vendo como por falta de recursos as mozas e mozos buscan nas illas Canarias e nos Estados Unidos un lugar no que poder desenvolver a súa vida.

Para unha Asociación Cultural non resulta posible, nen está dentro do seu ámbito de actuación, desenvolver políticas de activación económica, nen de captación de investimentos, nen sequer de potenciar os recursos existentes, mais si pode desenvolver iniciativas de reflexión, de análise, de dinamización, chamando a atención sobre os recursos e as súas posibilidades de conservación e posta en valor.

O concello e a súa bisbarra contan cunha riqueza patrimonial e natural importante, que sen embargo sofre risco de degradación ou de desapari-

ción, antes de que as iniciativas de activación destes recursos poidan ser concretadas. Por esta razón, a Asociación decide afrontar o reto de organizar cada ano unhas Xornadas de Cultura Tradicional, ás que se lle quere dar ámbito internacional, convocando en cada edición a especialistas da Comunidade Autónoma, do resto das Comunidades do Estado e dos países do noso entorno cultural, co obxecto de reflexionaren sobre as posibilidades de conservación ou de explotación destes recursos, procurando ofrecer modelos que poidan ser tidos en consideración á hora de deseñar políticas de desenvolvemento.

Mais non era este o único obxectivo que se perseguía con esta iniciativa. No ánimo dos membros da Asociación estaba tamén o desexo de incorporar ao concello de Carnota a un circuito e un modelo de dinamización cultural, comprometido coa realidade, que está a agromar en Galicia, tratando de que cada ano, sequer por tres días, Carnota se transformase en centro, lugar de converxencia e de encontro daquelas persoas e entidades relacionados co tema proposto cada ano e como consecuencia disto, espertaren o interese e sensibilizaren aos veciños das parroquias deste e doutros concellos próximos, sobre a importancia e o valor do patrimonio material ou inmaterial co que conviven cada día.

inventario de hórreos do concello, que foi presentado o último día das xornadas. Como actividades complementarias realizáronse visitas a conxuntos etnográficos: muíños e hórreos. De carácter festivo foron unha sardiñada, contacontos e unha degustación de empanada de millo, elaboradas polas mulleres da parroquia segundo as receitas tradicionais do concello. No lugar de celebración instaláronse dúas exposicións, unha de fotografías de Maribel Longueira e outra de maquetas de hórreos de Arturo Fernández Araujo.

O segundo ano o tema central de debate foi o patrimonio marítimo. Unha representante de Normandía presentou o seu modelo de posta en valor deste patrimonio. Debateuse tamén sobre modelos de museos do mar e do futuro da pesca artesanal, entre outros temas. Os veciños do concello participaron nunha mesa redonda sobre o traballo das mulleres no mar e no relatorio de experiencias relacionadas coa pesca. O momento central das xornadas tivo lugar co encontro de embarcacións tradicionais que se deron cita no Portocubelo de Lira. Na lonxa proxectáronse filmes sobre o mundo do mar, recentemente restauradas polo CGAI. Houbo outra vez sardiñada, degustación de empanadas e visita ao enclave etnográfico do Porto de Quilmas. No salón de debates instalouse a exposición sobre o patrimonio marítimo de Galicia, da Asociación Galega polo Patrimonio Marítimo. Tamén houbo exposicións de maquetas de embarcacións e de cunchas marinas, presentándose un CD destinado aos centros de ensino, sobre a relación do home co mar, elaborado por mestres do concello.

A paisaxe como patrimonio común centrou os debates e actividades do terceiro ano. A interrelación do home coa paisaxe, as ameazas que esta sofre, a paisaxe cultural galega foron algúns dos aspectos tratados, reservándose un tempo para que os veciños falasen da paisaxe vivida por eles. Teatro, viaxe en barco, sardiñada e empanadas de millo, xunto coa exposición Identidade e equilibrio de Xacobe Meléndrez, completaron o programa.

Unha ponente, nas primeiras xornadas, destacou o feito de que estas estivesen patrocinadas por entidades públicas e privadas, coa participación das administracións autonómica, provincial e local e das universidades galegas. Procurar a integración de todos os sectores relacionados dun ou doutro xeito coa cultura tradicional, incluíndo empresas privadas, non dependendo dun só patrocinador, é o modelo polo que de maneira consciente se optou dende un principio.

A trascendencia das xornadas, o dereito que un lugar pequeno ten de organizar iniciativas deste tipo, o seu carácter interdisciplinar con participación de profesionais de diversos ámbitos, fotógrafos, escritores, pintores, músicos, actores, chamou a atención dos medios de comunicación desde o principio, garantindo dese xeito unha ampla cobertura tanto nos medios de Galicia (prensa escrita, radio e televisión) como doutros lugares, e así é habitual que as xornadas aparezan en medios como o diario El País ou o Jornal de Notícias de Lisboa.

Como consecuencia da celebración das Xornadas, callaron na parroquia as iniciativas de restaurar a canle dun río e dous muíños próximos ao mar, estase construíndo unha lancha xeiteira e a Dirección Xeral de Patrimonio está a elaborar o censo dos hórreos do concello, tomando como base o traballo realizado pola Asociación o primeiro ano. A Asociación foi convidada a explicar o modelo organizativo nas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña e a participar nas Xornadas que sobre a cultura marítima tiveron lugar, neste ano 2002, en Nazaré-Portugal. Compre salientar tamén, que cada ano editase un libro coas ponencias presentadas nas Xornadas do ano anterior

As cuartas xornadas, a celebrar como cada ano no mes de Xuño do 2003, estarán dedicadas á Tradición Oral.



Fotografías de Maribel Longueira

O modelo de organización dunhas xornadas como estas non podía ser o habitual nas convocatorias que se desenvolven nas cidades. Optouse por elaborar cada ano un programa, no que o interese das voces convidadas a participaren e o necesario rigor nos debates, non impedise a celebración doutras iniciativas de carácter festivo e cultural en espazos abertos, que convocasen á xente do concello, facendo posible así a convivencia entre ponentes, asistentes ás xornadas e veciños. Tamén se considerou necesario que no programa de ponencias e mesas redondas, se reservase tempo para a participación de veciños, enriquecendo os debates co seu testemuño vital.

Para a primeira edición, elixiuse como tema o hórreo e a cultura do pan, por ser o hórreo o elemento simbólico-patrimonial máis importante do concello. As mesas redondas e ponencias estiveron orientadas a destacaren o valor patrimonial da arquitectura do pan, informaren de modelos posibles de ecomuseos, reflexionaren sobre a construción e destrución do hábitat rural galego e presentaren traballos etnográficos relacionados coa cultura do pan. Durante cinco meses os membros da Asociación Cultural elaboraron o



O COUTO das LETRAS das ARTES e da VIDA

Xosé María Varela Martínez

Mestre e directivo da A.C. Monte Branco

Aínda que disque vinte anos non son nada, velái a nosa experiencia neste tempo xa pasado e un novo reto para afrontarmos o futuro.

O Couto é unha aldea atípica de non máis de cen casas, unha especie de aldea de Asterix no concello de Ponteceso. Se cadra por estarmos, administrativamente falando, algo soños, afixémonos a desenvolvernos por nós mesmos. Tamén poido ser pola herdanza cultural dos avós que temos mortos ou do alento de D. Eduardo Pondal.

Nestas dúas décadas esforzámonos por manter un extenso programa de actividades para disfrute veciñal ou da poboación dos arredores. Actividades permanentes ao longo de todo o ano: danza ou música tradicionais, teatro, bailes de salón, charlas ou xornadas de agricultura, marisqueo ou saúde. Proxeccións de cine ou visionados de filmes. Saídas culturais e de lecer. Publicacións de revistas e de libros. Tamén todos os anos, sen escusas, chega o tradicional belén. Recuperamos, xa con forza, a festa do entroido con coplas, comparsas ou enterro tendo sempre como referencia á tradición do lugar. Cada ano, sempre por Maio, chega o milagre da festa das letras que nos deu unha certa sona máis alá do local: a homenaxe a un escritor ou escritora vivo, as letras e máis a artesanía co adubo da música ou do teatro teñen presenza na parroquia. Despois de deambularmos por casas de prestado, cabanotes ou galpóns, construímos entre todos unha casa para os veciños onde se pode aínda... xogar, ler, aprender ou representar. Desde hai case dez anos honramos a memoria do bardo cun simposio anual, onde os mellores especialistas deseñan e descubren a vida e a obra de Pondal. Todos os veráns programamos unha escola de verán para os máis novos e enchemos de actividades as festas parroquiais.

Novos tempos, novos retos.

Na actualidade a nosa realidade sociodemográfica, con debilidades polo envellecemento da poboación e a falla de emprego para a xente nova, reclama unha actuación urxente e innovadora na que o patrimonio e o medio natural xogaren un papel central. Contamos coa ventaxe da nosa situación

entre os principais portos e vilas de Bergantiños e a un paso das cidades. Temos importantes recursos patrimoniais e naturais que propician unha interesante oferta turística. A rehabilitación da vella reitoral como a do museo e Fundación Eduardo Pondal, a dinamización da fermosísima arquitectura popular e da ferverza e os muíños da Pedrosa, a habilitación dos vellos camiños como roteiros de sendeirismo e cortalumes, a recuperación dos nosos regachos troiteiros agora contaminados de purín, as inmensas posibilidades do esteiro do Anllóns (lecer, deportes náuticos, pesca ou natureza), a produción artesanal, as praias, os pequenos museos etnográficos, a arquitectura relixiosa, a animación do castro de Cerezo, a casa de Pondal e os camiños lendarios á sombra do poeta forman un abano de posibilidades que cunha atinada intervención e co noso aval de vinte anos pode supor un interesante reclamo.

Cómpre a execución dun proxecto de futuro que realzar o patrimonio local e incrementar o orgullo de vivirmos ou investirmos na localidade. O incremento da oferta de emprego co fin de fixarmos á poboación xove através da reactivación dos oficios tradicionais ou de novas fórmulas de emprego. Interesa a implicación da poboación nas diferentes actuacións: edificando con sentidoño, tratando axeitadamente os residuos, cunha agricultura e ganadería con algo de lóxica, coa recuperación das vellias árbores froiteiras, guiando a calquer que aquí vir ou cuidando do monte.


O aproveitamento dos recursos económicos e humanos, as axudas que rexionaremos das distintas administracións que facilitaren a rexeneración económica através de melloras ambientais ou patrimoniais, a formación dos nosos mozos e mozas para emprendermos a nosa transformación sen esquencérmolos dunha boa estratexia de márketing deberán supor a nosa consolidación como aldea das letras, das artes e da vida.

Beatriz García Trillo. A Coruña, 1960. Profesora de Debuxo Artístico da Escola de Artes "Pablo Picasso" de A Coruña. O seu traballo desenvólvese fundamentalmente no campo da pintura, a ilustración e pezas para Sargadelos.



Foto: Barbero Cancelo.


Subi a un monte



llegué a una roca



y descubrí



el trono mas alto de la tierra.

"Pietro Povera. 87" - B. García Trillo, 2007.

En AGRADECIMIENTO ós ESPÍRITOS LANDROVER.

Sr. Director:

Agradézolle esta oportunidade de saldar unha débeda pendente. Desde comezos de 1997 a miña ocupación profesional é facer reportaxes para o programa A Revista, un magazine diario da Televisión de Galicia. A liña de traballo que escollín para estas historias do día a día foi Facer Memoria. Así fun coñecendo e vampirizando ao longo destes anos un montón de landrovers profesionais ou amateurs. Nos anos anteriores, desde o Telexornal-Comarcas vira como a microhistoria renacía aquí e acolá por puro principio de necesidade. ¿De onde vimos?, ¿Cara a onde imos?, ¿Por que o formigón arrasa con todo?, ¿Cando foi que os vellos nos deixaron de parecer sabios? Máis ou menos conscientemente, os espíritos inquedos precisaban atopar algo de luz para responderen ás eternas preguntas e faceren pontes sobre o abismo dos anos escuros. Eu tamén quería saber e púxenme ao rebufo destes alquimistas da historia viva e da acción social. Peregrinei polas exposicións de fotos sacadas dos álbums familiares, polas festas etnográficas, polas aulas en que os avós puñan escola... Os alquimistas dábanme desinteresadamente as claves dese mundo que estaban intentado descubrir e entender e púñanme en contacto cos mellores guías para andar por esas rotas da memoria. Por iso digo que os vampirizaba. Facíanme de produtores e moitas veces nen constaba porque non había lugar para títulos de crédito.


Intentei que eses microespazos do día a día tivesen un destino menos efémero apilándoos nunha serie susceptible de reemisión, porque pensaba que tiñan algún valor documental. Aínda que feitas ás presas, pretendían ser crónicas dun tempo e dun lugar ou, máis ben, dun lugar a través dun tempo, o tempo que abarcase a memoria viva. A serie, que mantiña o mesmo nome da sección - Facer Memoria-, chegou a ter trece capítulos de media hora, xuntando boa parte das reportaxes do primeiro ano e pico, mais non pasou de aí porque disque estas cousas non teñen cabida na programación. Os sucesos ou a crónica rosa parece que teñen mellor raiting.

Sei ben que o labor dos espíritos landrovers tampouco está pasando polo seu mellor momento e que moitos andan en fase de reconversión forzosa ou voluntaria. Onde queira que anden quero que saiban que a min me parece que o que fixeron foi importante e necesario e que lles agradezo moito a colaboración prestada, regalada.

Confío en que nos volvamos atopar, con ánimos renovados, porque en todo tempo e lugar necesitaremos seguir intentado descubrir de onde vimos e cara a onde imos. Ata pronto.

Elvira Varela

Sigüeiro (A Coruña)/ Outubro 2002



buzón

TÉCNICOS de CULTURA, CHAPA e PINTURA

Manuel P. Rúa

Técnico Cultural en excedencia.

Cando aínda existía aquel xeneral de bigote que asinaba sentencias de morte mentres tomaba chocolate con soconusco, a cultura era unha materia seria, intocable, produtos refinados elaborados por mans delicadas, leanse intelectuais, un sanedrín ao que se chegaba despois de sucesivas peneiras, noites de lectura e escrita, belas artes, cinematografía, etc.

Poñamos que era 1972 e Cultura denominábase á guinda do pastel, ao recital poético co que remataban os actos oficiais, aos coros e danzas que bailaban diante do mesmo xeneral, no estadio Santiago Bernabeu, cada primeiro de Maio... Procurábase daquela estar ao día rebuscando nos andeis de certas librarías publicacións extraordinarias que nos levasen a países inexistentes para o réxime, así descubrimos que existía Cuba, que tiña un líder barbudo e falador, ou a China que gobernaba un timonel sen pelo, escritor de libros vermellos.

Mentres, a nova lei de asociacións permitía que a xente se reunise de forma legal -vicio prohibido desde a posguerra- e aparecesen teleclubes e asociacións culturais por todo o país e entón aí xa atopamos a cultura en forma de conferencias, exposicións ou carreiras de sacos. Case sen dármonos conta a cultura chegou ás vilas por medio das voluntariosas asociacións onde se facía un pouco de todo por parte dunha minoría escollida.

Descubrimos que Galicia era unha nación-nacionalidade-colonia-rexión, que tiña un idioma ou un dialecto, que queríamos democracia, amnistía, liberdade, que existira outra Rosalía distinta da romántica parella de Gustavo Adolfo Bécquer nos libros oficiais de literatura, que Castelao non era só a popular marca de froitas que se vendían no mercado de abastos senón un tipo con altura da NBA que falaba, escribía, deseñaba e mesmo tiña tempo de facer política.

Mentres andábase apuradamente recollendo tanto saber descoñecido chegou Novembro do 1975 e a luz da xanela do pazo de El Pardo extinguiuse para sempre. Daquela comezaron anos maravillosos onde a mesma multitude enfervorizada que aclamaba os antigos estandartes patrios de aquel réxime tan claustrofóbico, os mesmos que nas enquisas declaraban que non había mellor mundo que a España intramuros nen máis líder que o invicto Caudillo, cada vez se ían facendo máis e máis demócratas, despois centristas e xa algo despois serían socialdemócratas.

A cultura entón pasou a ser case unha obriga. Era preciso tocarmos os libros, asistirmos aos actos, empapármolos de todo o que nos faltara durante tantos anos. Os escuros e incómodos locais das asociacións culturais darían paso -coa chegada das corporacións locais- ás casas de cultura, unhas novas e outras procedentes da rehabilitación de antigas escolas, vellos teatros, etc. As Casas de Cultura, se o nome non engana, deberían ser factorías de produción e distribución dese factor esencial das novas sociedades, o saber, a arte, o diálogo, a escena, a plástica, etc. Nós non podíamos ser menos que Madrid, Barcelona ou París, mutatis mutandi, salvando a escala.

Puxémonos mans á obra e enchemos as casas de cultura de todo canto recendía a distinción e cultivo. Non houbo nas vilas de Galicia alcalde que en algún momento da súa xestión non envexase as actividades de teatro, libros, cine, guiñol, exposicións, etc., que saían continuamente nos medios de comunicación, porque a cultura daba moito lustre e sobre todo moitos centímetros cadrados de letra impresa, valor fundamental onde nada existe se non é publicado.

Galicia enteira fervía por achegarse a un escenario de teatro, a unha exposición que daba moito para comentarios tipo "¿e logo isto é arte?, pois eu

creo que o fai calquer", aos grandes festivais nas prazas públicas, ao entroido, aos cursiños e 'obradoiros'..., creouse a necesidade de xestionar unha área tan ampla e novidosa como a Cultura. O poder, máis que a sociedade, debatía a quen pór á fronte dos novos edificios culturais, chamados tamén 'equipamentos' ou 'contedores': ¿servía calquer ou habería que pór unha persoa preparada nas Casas de Cultura?, ¿e logo, quen: pedagogo, xornalista, sociólogo, animador cultural, filósofo...? De entre o amplo catálogo de posibles, esta cuestión resolveuse á moda do país. Unha minoría contratou polo sistema de libre concorrência e unha inmensa maioría botou man da tradición: se total para ir á casa da cultura hai que pedir a chave no bar do alcalde, pois das actividades que se encargue o fillo, ou a sobriña que estu-diara FP e sobráballe tempo de atender a perruquería.

Entón a cultura pasou a integrar actividades que levaban un tempo en *stand by* por mor do seu estatuto dificilmente asumible na nova situación democrática. En Madrid, Barcelona ou París a caza ou a pesca non serían promocionables publicamente dentro da área de cultura, mais aquí contaban con tradición e quorum suficiente como para non deixalos fóra, mesmo para adxudicarlles as grandes partidas do orzamento cultural. Xa se sabe: caza e pesca, prehistoria, nómadas ou sedentarios, había moita antropoloxía cultural detrás. E que dicir das festas gastronómicas, e as patronais, por suposto os grupos de majorettes, os desfiles de moda e os libros de aquel amigo do alcalde, publicados pola Deputación Provincial...

Facendo actividades varias nas casas de cultura, bibliotecas, auditorios, etc, os técnicos de cultura -definición algo máis proletaria e menos cursi que animadores- non se chegaron a consolidar como poder fáctico, moito menos como grupo gremial ou profesional. Herdeiros daqueles activistas que buscaban o cambio nos últimos anos do franquismo e primeiros da transición, a estes paracaidistas da nova administración democrática tamén gostaban de 'sentarse e comentalo', tiñan moita querencia polas reunións, perdían o tempo entre congresos e xornadas para coñeceren como se colocaba un paspartout a unha fotografía, cantos vaticios se precisaban para unha obra de teatro, como se editaba unha publicación ou se facía de 'negro' para textos varios da municipalidade e festas do contorno...

A moitos e moitas deles, deulles a noite nestas minucias da bricolaxe cultural e nen sequer foron quen de decidir, como todo gremio que se precie, o seu patrón e a data da festa correspondente e, claro, así non se vai a ningures e como en Portugal, a uns foilles ben e a outras mal..., todo o que chegaron a crear foi un colectivo sindicalcongresual que se chama Landrover, unha metáfora e unha filosofía que agora mesmo estará aparca-do nalgunha garaxe agardando un repaso de chapa e pintura, cambio de aceite e limpeza de fondos.

Mentres tanto avanzaba emerxente e imparabile outro estrato funcional que se encargaría de xestionar a cultura -xa se chamaba sociocultural- dun punto de vista do management saído de cursos e cursiños, da influencia francocatalana, do acceso á universidade, da nova identidade da profesión de xestor cultural, xa separada definitivamente de calquer anxeo de transformación social. A cultura incorporábase, definitivamente, ao mundo orgánico da Administración Pública cun status similar aos de ordenanza ou auxiliar administrativo.

De 1972 a 2002 todo cambiou moito. Aínda que o peripatético Arsenio Iglesias dixera que non todo vai ser fútbol, o Real Madrid segue gañando copas de Europa. Menos mal que renovamos a música e a cultura co Festival de Eurovisión.

REFLEXIÓN ARREDOR da ACCIÓN CULTURAL (Documento interno)

**Xavier Sánchez Alonso e
Fernando R. Lavandeira**

*Técnicos da Área de Educación, Cultura, Deportes, Xuventude e Promoción do Emprego
do Concello de Rianxo*

Sabido é que nos últimos tempos do Franquismo e no despertar da Democracia, a cultura no ámbito local -agás nas órbitas do poder ou na manifestación máis elitista-, estaba protagonizada polo movemento asociativo -religioso, veciñal, tempo de lecer, deportivo, cultural,...- e tamén que estas entidades, cos seus limitados recursos, ofrecían á cidadanía un reducido, aínda que variado, abano de posibilidades, sendo máis potencia que acto, máis querer que poder. Apesar da súa escasa presenza -con maior incidencia no ámbito urbano- e malia as súas limitacións, foron moi activos -quizais porque os tempos, a Transición, así o requirían-.

Co constitucional Estado Social e de Dereito, a actividade cultural enténdese cunha clara dimensión de servizo público -tradición europea non faltaba-, ás ganas que tiñan as administracións de atenderen a uns cidadáns que de verdade empezaban a selo, xunguíronse as ganas de moitas daquelas asociacións de disporen de máis medios e recursos e, sen dúbida tamén, descansaren -que non renunciaren- da dura batalla que foi o solpor da ditadura. Mais, como acontece co peixe grande e o pequeno, boa parte do quefacer desenvolto polas asociacións foi asumido polos Concellos, xunto cos responsables que se atopaban á fronte. Sería agora a Administración quen, no marco do Estado do Benestar, se encargaría de chegar a cultura a todos os cidadáns.

De aí á funcionarización só había un paso e foi cousa de tempo: na maior parte dos casos, a política de subvencións, tan necesaria, convértese en política de control; a democracia cultural quédase en democratización cultural -ver, mais non tocar; estar, mais non participar-, os voluntarios fanse profesionais (¿de que?) e a actividade cultural pasa a ser definida e monopolizada polo Concello que, ademais, ve competencia -cando non unha ameaza política- naquelas entidades que, fóra da súa órbita, dedícanse ao mesmo.

É certo que con estes parámetros prodúcese o gran boom da "animación sociocultural" nas administracións locais, que no caso de Galicia dáse a partir da segunda metade dos oitenta (unha década por detrás de Cataluña, Euskadi,...). Todos queren Casas de Cultura, todos queren dinamizar, todos pretenden fornecer o benestar dos cidadáns através da cultura, o ocio e o tempo de lecer. Vén sendo o signo dos tempos. Mais, non nos enganemos, o asfalto e os puntos de luz seguen primando sobre as bibliotecas; e esta suposta rivalidade é claramente falaz, mais útil a un discurso político parvo

-sobre todo en tempos de crise, que neste eido semella ser permanente- ou do neoliberal remate da Historia.

No noso País constrúense poucas infraestruturas culturais, ás máis das veces auténticos despropósitos. En moitos lugares cultura equipárase a muiñeira, excursións e espectáculos estelares -actividades, todas elas, moi lícitas e necesarias; mais no seu contexto-. Técnico de Cultura -non entramos nas diferentes denominacións, ¿ou sí habería que entrar?- pode ser calquer con sensibilidade "cultural" -cando non doutro tipo-. A política cultural ten aínda en moitos sitios, e xeralizando, máis que ver coas festas democráticas (eleccións, mediaticamente falando), que coas auténticas necesidades dos cidadáns -a quen, por outra banda, xa non se lles pregunta: a fin de contas son meros receptores-. Tal é a indefinición, ou ausencia, das políticas culturais, que as actuacións neste campo, grosso modo, son idénticas en case todos os Concellos -onde hai actuacións culturais, claro está!-


En definitiva, o boom foi moi cuantitativo -e tampouco é para tanto, aínda que moito con respecto a precedente- e pouco cualitativo. E neste medrar de inversión, instalación e actuación claramente disfuncional, cabe situar os profesionais, que procedían, e proceden, de sitios distintos, con distintas formacións, funcións tamén distintas -aínda que variopintas todas elas- e situacións laborais para todos os gustos e tamaños. A correlación entre a ausencia -ou presenza nebulosa- de política cultural e o profesional ao fronte é evidente.

Dentro do actual modus operandi dos nosos administradores locais -para quen, en xeral, o importante é agarrar o euro, calquer que for a súa orixe e destino inicial, e despois xa veremos que se fai con el-, adóitase ir ao reflujo das iniciativas, e maiormente das subvencións, doutras administracións supramunicipais. Por outra banda, ao non haber planificación -e, de habela, nunca maior a unha lexislatura-, é imposible un axeitado deseño de políticas culturais; e a intervención do Concello será neboenta, escura e errática, como tamén o será a situación do profesional que se puxer ao fronte e as súas condicións de traballo (horas a oito, soldos inaxeitados, categorías profesionais discutibles...), xa que logo, todo se fará pivotar sobre a existencia de "sensibilidade", total, para organizar comedias de verán!-

Non é de estrañar, en definitiva, que ao non saber con claridade que se quere facer na vila e que se precisa -a partir de aquí hai que cachear os medios, e non do revés-, acabe por se facer nada, ou imitando ao veciño -por que, ¡Deus nos librar dalgúns innovadores!-. Neste contexto, que non exista un recoñecemento axeitado do labor, e mesmo da persoa, do Técnico de Cultura, e que se lle cangue con outros cometidos e funcións (relacións públicas, vixiante de exposicións, deseñador gráfico, conserxería,...), ven ser case inevitable. A fin de contas, para moitos políticos e cidadáns, o que fai non é de clara prioridade, enténdese máis ben como un hobby e non semella requirir coñecementos e habilidades técnicas específicas, ...; ou sexa, que non é tan "serio" como, digamos, o que fan os arquitectos municipais, os secretarios, ou mesmo a brigada de obras.

¿Que facer, pois, ante esta situación?. Ao noso entender, cabería afondar en catro aspectos básicos: investigarmos, formarmos, dotarmos e esixirmos. Investigarmos a realidade da cultura nos municipios, a todos os niveis e desde as distintas perspectivas, para sabermos a ciencia certa onde estamos e que falla. Formarmos, porque ninguén nace aprendido, nen políticos nen técnicos, e facémolo ademais coas implicacións de calidade, cantidade e recoñecemento necesarias para un País que, dunha vez por todas, precisa profesionalizar debidamente a súa actividade cultural pública. Dotarmos, porque faltan infraestruturas axeitadas, úteis e ben repartidas territorialmente; así como recursos económicos establecidos con equidade e sentido común, en función de propostas interesantes, realizables e socialmente úteis segundo o lugar e o tempo. E esixirmos, porque, non o esquezamos, falamos de xestión pública, para beneficio dos cidadáns e desde a utilización de recursos públicos.

¿E cal sería a característica básica da, chamémola, función técnica cultural?. Desde a nosa perspectiva, que se sitúa no ámbito do público, xa non está



"Linton Shirt". Montreal serie 2. 2002.
Vítor R. Barca

soamente circunscrita á mera xestión cultural, á ocupación produtiva do ocio e do lecer dos nosos cidadáns, nen sequer á reivindicación das singularidades culturais que nos son propias. Todas estas dimensións deberán ser atendidas desde a perspectiva máis ampla do Desenvolvemento Local -trascendemos, obviamente, as connotacións económicas que tradicionalmente se lle atribúen ao termo-. Nos tempos que corren, o Técnico de Cultura, en canto mediador, e a política cultural das administracións locais, como marco director, teñen razón de ser en canto contribúen ao desenvolvemento real, efectivo e multidimensional dos cidadáns -quizais o que na realidade vén a significar "animación sociocultural", termo non poucas veces usado con excesiva ledicia nos nosos dominios-.

Isto implica sensibilidade educativa, económica, patrimonial, social, de xestión, administrativa, así como coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes, ..., pois en todos estes aspectos, en todos estes campos e desde todas estas dimensións teñen que traballar, e terán que o facer cada vez máis, os tal vez xa mal chamados Técnicos de Cultura, sempre nun marco multidisciplinar que os faga interactuar profesionalmente, de forma estreita e eficaz, con outros técnicos sociais, así como cos seus alcaldes e conce-

lleiros. E tamén coa sociedade civil que, através do movemento asociativo e demais axentes sociais, está a voltar afortunadamente a recuperar o protagonismo doutros tempos, convertíndose non só en ámbito prestatario de servizos -aqueles que, cada vez máis, a Administración non pode e quizais tampouco deba asumir-, senon tamén en actor e dinamizador do desenvolvemento da propia comunidade.

Do noso punto de vista, a evolución da nosa profesión e a realidade cultural de Galicia, a partir da Transición e ata os nosos días, cambiou non pouco. E en todo este tempo gañáronse partidos e perdéronse trens. Agora parece que Administracións -a Deputación Provincial da Coruña, da que moito se poderá dicir, mais non desde logo que permanece impasible- e universidades -que comezan a afianzar a súa preocupación científica polos asuntos que nos ocupan e preocupan- abren a posibilidade de retomarmos a nosa realidade -certamente de mirármonos de novo o embigo- e, tal vez, dirixirmos medios e recursos para, sen cremos en ningunha panacea, aportarmos solucións, vías de reflexión e consenso e abriremos un novo tempo de traballo cultural en Galicia. Para ese camiño, se se quer compañía, non habemos faltar algúns de nós.

O TEATRO GALEGO como XÉNERO

Santi Prego

Actor e cofundador da compañía de teatro Ollomoltranvía.

No mes de Xuño do presente ano presentáronme nunha cafetaría a un catedrático de universidade e concelleiro dunha das cidades galegas, e confesoume que gostaba moito do teatro, que facía teatro cando era pequeno na escola, que acudía ao teatro sempre que podía, mais non ao teatro galego, porque son unhas obras escuras e espesas, senón ao teatro bon que vén de fóra. Adoitaba acudir ao teatro que a Universidade programaba en La Salle alá polos finais dos anos setenta e principios dos oitenta e foi naquela época cando se decidiron os seus gustos teatrais, que se manteñen idénticos, igual que o seu posicionamento ideolóxico e político.

Eu díxenlle que eu gostaba moito da política, que fun ás manifestacións e asembleas cando estaba no Instituto, que votaba sempre que podía, mais non nas municipais ou autonómicas, que propoñen uns programas e candidatos cativos e sen peso, senón nas eleccións para o goberno de España. Igual que el (debemos ser da mesma quinta), a miña definición ideolóxica e política definírase na miña etapa universitaria e tamén quedei alí. ¡Ai!, aqueles políticos, Sagaseta, Carrillo, Alfonso Guerra, Bandrés, Tarradellas, Senillosa...!

O divertido do caso é que cando vou a actuar fóra de Galicia, os concelleiros de cultura quedan encantados co espectáculo e confésanme que non

van ver teatro da súa propia comunidade, porque é bastante maliño. Eu quedo caladiño como un peto –ou como unha puta. Ás veces semella que para ser responsable da cultura dun país é condición necesaria odiar a cultura propia e reverenciar a produción allea, cando o lóxico sería amar e crer na túa xente e no seu talento. Repito: isto sucede en Galicia, en Castela, en Portugal e no Perú.

¿É preciso entender de política para participar nela? Non: cada un, co entendemento que Deus lle deu, sabe o que debe facer. Co teatro pasa o mesmo, así que se o responsable da área non ten unha política cultural definida debería preguntar, debería informarse. Non ten a obriga de saber, mais si de se enterar, e, no momento de tomar decisións, poder respondelas en base a uns criterios, a unha opinión formada. Rodearse de expertos en áreas concretas, xestionar o mellor posible o seu orzamento, crear redes estables e infraestruturas sólidas. E facer unha boa promoción, e pasar pola sala antes da función para preguntar se a compañía está a gusto. Que os teatros tamén temos o noso corazónciño.

Un consello: Pregunta que paus se están tocando no teatro galego neste momento. Sorprenderache saber que hai tres compañías de teatro de sombras, varios grupos de cabaret, varios de novo circo, de teatro-danza, etc.

VERÉMONOS en FILIPOS (Unha visión da animación ao

Lino Braxe

Actor e director teatral.

Botar unha ollada sobre a actividade teatral que desenvolven os nosos Concellos é unha sensación única, irrepitible, arrepiante. Non estou a falar do teatro que programan, nen de como o programan, senón da escasísima presenza que se lle concede ao teatro fronte a outras actividades nas que participa a cidadanía. O espazo que ocupa o fenómeno teatral no tempo de ocio dos veciños e veciñas dun Concello é cativo, pero cativo de todo. Cando resultaría fundamental a difusión da arte de Talía para que a procura dun destino máis feliz para todos fose posible.

Moi poucos concellos programan teatro coa normalidade que precisaría un feito de tan capital importancia para delimitar o barómetro cultural dunha sociedade. Algún festivaliño, algunhas xornadas, algunha efeméride de carácter teatral ten limpado máis dun rostro dalgún concelleiro de cultura, e este estar a pensar que o está a facer ben, porque o seu técnico de turno así llo manifesta. E, xa se sabe, sempre é peor un capataz que un xefe. Mais se o panorama é así de desolador no campo da programación, no da animación, no da difusión, no do compromiso coa cultura teatral aínda é máis ruín.

Son os concellos os que deberían criar a maxia da vida do teatro entre os seus veciños. Se son moi poucos os que programan con asiduidade teatro, son moitos menos os que fomentan a existencia de grupos amadores, talle-

res ou escolas de teatro no seu ámbito de influencia. Pensemos que dotar a un municipio das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do feito teatral, debería considerarse unha necesidade de primeira orde. A clase política empeza a intuír que a cultura é un servizo público tan importante como as comunicacións ou a sanidade, sen embargo o teatro ocupa case o último posto nas preferencias que as Concellerías de Cultura teñen respecto das outras actividades artísticas e culturais. O que é o tenis fronte ao fútbol, o é o teatro fronte á música.

Parece ineludible que o interese que o cidadán ten polo teatro está relacionado co interese que os seus políticos teñen á hora de consideraren a arte escénica un dos piares fundamentais na construción cultural do seu Concello. Só fomentando o teatro de base poderemos chegar a criar público, actores e teatros. Unha cousa leva a outra. Se através dunha programación teatral estable se vai criando unha masa de espectadores, através do ensino teatral se promociona o nacemento de grupos de teatro amador e de actores e actrices amadores-que nun futuro, se cadra, nutran ao teatro profesional do necesario relevo xeracional-. Por outra banda, desde o fomento de talleres, cursos e outras experiencias de ensino teatral, estánse a pór as bases axeitadas para a creación nun futuro dunha Escola de Teatro Municipal, e vánse pór as bases, tamén, para a formación de monitores e monitoras de teatro para actividades teatrais nos colexios, institutos e asociacións veciñais do municipio.

Que o 35% das compañías de teatro galegas son chamadas regularmente a participar en festivais fóra da nosa comunidade. Que máis da metade das funcións que facemos en Galicia son por fóra da Rede de Teatros e Auditorios e no caso do teatro de títeres e infantil esta porcentaxe elévase ao noventa por cento.

Outro consello: cobra entrada, e cobra unha cantidade digna. Non só conseguirás máis cartos para programares máis teatro, senón que percibirás que valora o público máis do espectáculo, que o prezo funciona como filtro para que vaian os verdadeiros interesados á función, e que finalmente acode máis xente ao teatro.

E lembra: O teatro galego non é un xénero. Dicer que non gostas dun tipo de teatro ou outro ten sentido, pero dicer que non che gusta o teatro dun país é unha simpleza tan grande como dicer que non gostas dos cidadáns dese país. Aínda que se cadra era iso xustamente o que quería dicer o concelleiro do que falo: que el é galego, mais na realidade xa gustaría de ser catalán, francés ou norteamericano.

Pequeno manual práctico de conversa con actores para uso de técnicos culturais e concelleiros de cultura.

Así non	ou che responderán	Así sí
Non comeces a conversa dicindo que ti tamén facías teatro na escola.	Temos moito en común porque eu tamén me dedicaba á política: era delegado de clase.	Pregunta que tipo de teatro fai e por que. Interésate sinceramente pola súa actividade.
Non digas que ti non gostas do teatro galego.	¿En que ano viches o último espectáculo?	Se hai tempo que non vas ver teatro galego pregunta que se está a facer agora e se che recomenda algún espectáculo en concreto.
"O teatro é moi bonito. Eu gosto moito do teatro".	Si, moi bonito... ejem, ¡que interesantes os cursos de macramé que estades organizando!	Se non gostas do teatro, dílo abertamente. Os ministros de sanidade non adoitán ser médicos, e sen embargo iso non quita que fagan unha boa xestión.
Non me ametralles coa túa opinión sobre o Centro Dramático Galego.	¿Cal é a política teatral que emana do último congreso do teu partido en relación co CDG?	Cando estás a falar comigo, o que che había de interesar é o que eu vos estouvemos a facer, e non o que fai a compañía institucional. Igualmente o que me interesa a min é a túa política cultural, non a do teu partido.
"No meu concello o teatro é gratis ou a prezos populares".	¡Qué iniciativa tan orixinal! (xa o facía o político populista Pericles no século V antes de Cristo, e xa se queixaba disto Eurípides pola mesma época)	A política de prezos populares é demagógica e só lle aproveita aos políticos. O borracho de turno, os ociosos apáticos, os nenos de párvulos que acceden á sala molestan a artistas e espectadores, e non entrarían se houbera que pagar.
"Na miña vila non gustan deste tipo de teatro"	¿A ti si? Resposta a): Non - Empezaras por aí Resposta b): Si - ¿E logo ti es da vila do lado?	A programación debe satisfacer a unha maioría, atender ás minorías e estimular a curiosidade de todos.

teatro nos nosos Concellos)

Promocionar a creación de Escolas de Teatro Municipais é unha obriga, case moral, para un Concello, e debería ser un dos seus obxectivos principais. Pois promocionando estas escolas dótase ás veciñas e veciños do Concello dun marco para o desenvolvemento de actividades teatrais no seu ámbito municipal, favorécese e promócionase a actividade teatral feita polos propios cidadáns, aproxímase o teatro ás parroquias e aos distintos sectores da poboación e exercítase o labor de animación ao teatro entre a infancia, a mocidade, os maiores ou calquer outro colectivo social.

Xa coñecemos cais son as vantaxes que reporta a animación ao teatro nos nosos Concellos, agora, só resta que haxa vontade política para levala adiante. Unha vez máis atopámonos con eles, cos servidores públicos, cos que administran os nosos cartos e a riqueza do país. Eles teñen a obriga de dárenos un ocio gozoso e intelixente, mais nós tamén temos a obriga de esixir-llo. Se renunciaren a facelo teremos que anunciarlles o que lle anunciou a aparición de César a Bruto en "Xulio César" de William Shakespeare: Verémonos en Filipos. É dicer, que se a morte lle agardaba a Bruto en Filipos, á nosa clase política non lles agarda outra cousa que a morte da sociedade que defenden, da civilización pola que traballan, porque unha sociedade sen teatro non pode existir, porque unha civilización sen teatro sería unha civilización morta.

IN MEMORIAM.

Foíse Roberto Vidal Bolaño. Autor, director, actor, referente imprescindible para a nosa cultura teatral. Servan estas páxinas coma humilde homenaxe e recoñecemento.

EUROPA ao ALCANCE da súa MAN

Manuel Julio Sánchez Senn

Xefe do Servizo e Control e Dirección do Info Point Europa.

Nas décadas dos anos 80 e 90 o discurso sobre a información acerca da Unión Europea centrábase no acceso á mesma e sobre a dificultade para a aplicar á nosa actividade diaria.

Do discurso do descoñecemento do proceso de construción europea, das oportunidades de todo tipo que se abren con el, da ampliación dos dereitos que como cidadáns da U.E. se derivan dos tratados e o dereito comunitario, da actividade das institucións, ou da posibilidade de interacción multilateral nas diferentes redes que naceron como consecuencia das diferentes liñas de acción que materializan as políticas comunitarias, pasamos a un discurso en que o problema é o exceso de información e a diversidade de canles existente para a ela accedermos.

É obvio que é a U.E. o noso entorno principal e que, polo tanto, unha posición de distancia en relación a todo o comunitario é negar a evidencia de pertencermos a unha comunidade que quere e debe construírse entre todos. O distanciamento dos cidadáns e, nalgún caso, das administracións locais é un problema que constitúe o núcleo da misión das Redes de Información da Unión Europea.

A Comisión Europea emite dous documentos de especial relevancia que, tras as reflexións pertinentes, intentan dar resposta ás demandas de información que se formulan desde a sociedade europea. Estes documentos buscan asentar unha política de información e de comunicación que incentive o interese polo proceso de construción comunitaria e a mellora das canles e ferramentas de transmisión daquela, e son:

- Comunicación da comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité

Económico e Social e ao Comité das Rexións relativa a un novo marco para a cooperación nas actividades referentes á política de información e comunicación da Unión Europea¹, e

- Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións sobre unha estratexia de información e comunicación para a Unión Europea².

Pode parecer excesivamente abstracto o debate sobre a gobernanza que a Comisión Europea lanza desde o libro branco de "a Gobernanza Europea"³, mais lonxe de semellar abstracto é dunha concreción e practicidade evidente.

O "Libro Branco" propón abrir o proceso de elaboración das políticas da U.E. coa finalidade de asociar a un maior número de persoas e organizacións na súa formulación e aplicación, o que se traducirá nunha maior transparencia e nunha maior responsabilización de todos os participantes. Isto permitirá comprobar aos cidadáns como os Estados membros, actuando conxuntamente no marco da Unión, son capaces de responderen máis eficazmente ás súas preocupacións⁴.

Todos estes obxectivos forman parte das axendas dos procesos de reforma das institucións públicas e poden implicar un cambio importante no xeito de gobernar.

Esta profundización na democracia é un impulso que, se ben pertence ao debate sobre a forma de gobernar desde finais dos anos 80 do pasado século XX, recibe un impulso decidido desde as Institucións europeas. Non é obxecto do que escribe relatar pormenorizadamente todos e cada un dos beneficios que se derivan da UE, nen negar que xorden problemas no cami-

O CENTRO de EXTENSIÓN UNIVERSITARIA e

Carlos Vales

Director do CEIDA.



A importancia do Medio Ambiente.

Desde que no ano 1972 se celebrou en Estocolmo a primeira xuntanza internacional co medio ambiente como motivo central, a importancia deste tema, así como a percepción social do mesmo, non fixo máis que medrar de maneira vertixinosa ata os nosos días, con fitos de importancia internacional como o Cume da Terra de Río de Janeiro en 1992, ou o máis recente en Johannesburg, capital da República de África do Sul.

Esta importancia do medio ambiente maniféstase tamén no perfil das institucións e na lexislación, que produce cada vez compromisos máis nidios. Por exemplo, a Xunta de Galicia acaba de facer pública a Estratexia Galega para a Conservación da Biodiversidade, que segue os pasos da Estratexia Española e, no ano 2000, fixo pública a Estratexia Galega de Educación Ambiental co fin de "racionalizar recursos e convocar vontades...no logro dunha sociedade ambientalmente máis sostible".

O papel dos concellos.

Nunca tantas persoas, institucións e entidades se preocuparon polo medio

ambiente como na actualidade, e os Concellos non podían quedar á marxe desa tendencia. De feito, un dos documentos máis importantes do Cume da Terra, a Axenda 21, que define o compromiso cun modelo de desenvolvemento sustentable (que use os recursos sen poñer en perigo a calidade de vida das xeracións futuras), resalta o papel fundamental que deben xogar as institucións municipais nese proceso.

Como resultado, comenzaron a perfilarse as chamadas Axendas 21 Locais, que representan o compromiso das administracións municipais co futuro do planeta.

Pero as características dos municipios galegos, con ausencia de persoal técnico municipal adicado en exclusiva, ou cando menos prioritariamente, a temas relacionados coa xestión ambiental e a posta en valor do patrimonio natural e cultural, fai necesario que existan entidades e iniciativas que podan axudar aos Concellos na súa labourea de mellorar e conservar os seus recursos naturais e culturais.

Que pode aportar o CEIDA.

É neste contexto de carencia de recursos humanos e de experiencia na xestión ambiental municipal onde o CEIDA se nos presenta como unha institución que pode axudar a paliar esas deficiencias, xa que conta coa infraestrutura e o persoal que lle capacita para desenvolver tarefas de formación, información e dinamización de iniciativas que se queiran desenvolver dende o ámbito municipal. O CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, xurde como unha iniciativa da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para "fomenta-la formación ambiental a tódolos niveis" así como a información e a educación ambiental. É, pois, un organismo autónomo que quere dinamizar procesos de formación e divulgación

ño, mais o que si é certo é que desde a UE procuráanse solucións aos problemas plantexados. O sociólogo Michel Crozier cita unha frase de Woody Allen nun dos seus libros⁵: "desde logo, esa é a solución mais, dígame, ¿cal é o problema?".

O problema hoxe en día xa non é a falta de información; o problema é que necesitamos axuda para nos adaptarmos á información existente e facela relevante para a nosa situación. No caso das administracións locais, é de especial importancia facer un esforzo para comprenderen que forman parte do proceso de execución das políticas comunitarias, que poden participar na súa elaboración, que poden beneficiarse das diferentes liñas de financiamento e que son a mellor canle para achegar a UE aos cidadáns de cada municipio.

A UE permitiu que entrásemos en procesos de colaboración con actores públicos e privados cos que de xeito conxunto poderemos darnos conta de que a especificidade dun problema no noso territorio énos tal e que xunto a outros territorios con problemáticas similares podemos encontrar solucións conxuntas. A insistencia en difundir as experiencias e as boas prácticas derivadas dos proxectos con cofinanciamento comunitario é unha ferramenta básica para analizarmos a nosa propia realidade e constitúen un gran banco de datos de solucións probadas que poñen á nosa disposición persoas e institucións dos que incluso descoñecíamos a súa existencia.

Lembremos as NTI; o impacto que posiblemente terán no noso territorio pode ser decisivo e, así, desde as institucións comunitarias estase a impusar o que se pode denominar unha nova cohesión económica e social, a que se basea en evitar a fenda dixital e permitir aproveitar as súas potencialidades nos ámbitos económicos, sociais e políticos.

Pensemos en que as políticas comunitarias cobren do medio-ambiente aos transportes, ou a saúde pública, a agricultura, a pesca, a investigación, a política social, etc, e que en todos estes ámbitos débese e pódese participar, e que, ademais, en moitos casos imos dispor de apoios financeiros para desenvolvelas.

Mais voltemos á información; perto de cada un de nós existe un centro de información pertencente ás Redes de Información da Unión Europea. Na

actualidade somos máis de 700 centros e pode estimarse en máis de 2000 persoas as que traballan neles. Auspiciados pola Comisión Europea, son creados e sostidos por institucións públicas e privadas conscientes da importancia de accedermos á información cun guía que a permita aproveitar. Nos diferentes centros pódese encontrar documentación de base, especializada, trípticos divulgativos, vídeos, cd-roms, mais tamén podemos encontrar produtos realizados á "carta" do cliente, páxinas e portais de internet, servizos de procura de socios para proxectos, formación xeral e personalizada, asesoramento en liñas de financiación e construción de proxectos.

Traballamos como unha rede e isto implica que podemos buscar unha solución, unha resposta, un proxecto, un interlocutor ou un socio a través dos 15 Estados membros. Ademais somos unha rede en que nos coñecemos e na que levamos un traballo conxunto e constante para mellorarmos as nosas respostas e darnos o mellor servizo posible. Na Internet, fisicamente, por teléfono ou por fax, estamos á disposición de todos os que nos necesitaren.

O ano pasado toda a rede europea de Info Point Europa decidimos que o lema que debería enfocar o nos traballo é que "os Info-point Europa pomos Europa ao alcance da súa man". Mais a pesar dos esforzos que realicemos a colaboración dos nosos "clientes", necesitamos que non dubiden en se dirixiren a nós ou aos nosos centros de información (carrefours, euro infocentros, centros de documentación, etc), que nos manifesten as súas necesidades, que descubran a existencia dunha rede que cobre toda a UE.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Galicia temos unha rede de información europea que, co apoio e coordinación da Fundación Galicia-Europa, tentamos facer que sexa máis fácil aproveitar as ventaxes de sermos Unión Europea.

É necesario empezarmos a rachar co mito da distancia entre Bruxelas e nós e comezarmos a integrar a UE na nosa acción diaria.

- [1] Bruxelas, 27.6.2001 COM(2001) 354 final.
- [2] Bruxelas, 2.7.2002 COM(2002) 350 final.
- [3] Bruxelas, 25.07.2001 COM(2001) 428 final.
- [4] pax 4, Bruxelas, 25.7.2001 COM (2001) 428 final.
- [5] La crisis de la inteligencia. MAP 1996.

DIVULGACIÓN AMBIENTAL de GALICIA: *unha iniciativa ambiental ao servizo dos concellos.*

ambiental: nace co fin de potenciar a educación ambiental no noso territorio a través de diversas estratexias e dirixido a tódolos colectivos de cidadáns e cidadanas, así como ás institucións.

¿Que podemos atopar no CEIDA?

Na actualidade conta cun servizo de información e divulgación ambiental que vense a concretar coa celebración de charlas e seminarios, exposicións temáticas nos baixos do edificio e coa publicación de documentos e informes monográficos sobre temas de actualidade, de debate e de investigación que se están a potenciar dende as institucións galegas.

O CEIDA ten tamén un amplo programa de formación destinado a diferentes colectivos, nos que se conxuga aspectos teóricos e prácticos, e para os que se conta con especialistas de recoñecido prestixio. Como exemplo, destacar a celebración de xornadas sobre o tratamento de residuos sólidos dirixidas ao persoal técnico municipal, seminarios sobre turismo rural e ecoturismo facendo especial fincapé na formación dos guías e persoas que van traballar cos visitantes e cursos de formación para o desenvolvemento das Axendas 21 Locais nos Concellos de Galicia.

As características do edificio e a singularidade da súa ubicación convírteno nun obxecto de interese e estudo, por iso, desenvólvese un amplo programa de interpretación do patrimonio, tanto a través de actividades que redunden na profesionalización e formación das persoas que traballan no ámbito da educación ambiental, como actividades puntuais con escolares e visitantes que programan unha visita ao centro. O CEIDA ten publicada unha guía para coñecer a illa e o seu contorno atendendo ás aportacións e investigacións que se veñen facendo dende esta disciplina, en un curto período

de tempo rematará co plano de interpretación da illa que permitirá realizar visitas autoguiadas pola mesma.

Ademais de contar con dúas aulas de formación ben equipadas, un salón de actos, e varias dependencias con despachos e lugares de traballo, que lle permiten constituírse nun punto de encontro e aloxar puntualmente a grupos e entidades que estean a traballar en calqueira aspecto relacionado co medio ambiente e a conservación do patrimonio; así, celebráronse distintas xornadas e actos organizados por asociacións, Colexios Oficiais, grupos de traballo, etc. Atopámonos tamén na planta superior cun centro de documentación especializado en educación ambiental, biodiversidade e conservación.

Finalmente o CEIDA desenvolve distintas actividades promovidas dende o Vicerrectorado de Extensión Universitaria.

Por fin, permítasenos resaltar outro aspecto non banal. O CEIDA ten a súa sede nun enclave privilexiado da nosa xeografía física e sentimental, o Castelo de Santa Cruz, parte do antigo sistema defensivo da bahía da Coruña, hoxe declarado Ben de Interese Cultural. O Castelo de Santa Cruz, emerxe no remate da bocana da ría do Burgo sobre unha pequena illa na costa caprichosa de Oleiros, como baluarte fronte as ameazas de invasores que viñan de lonxanas terras coa intención de someterlo. Cun obxectivo non moi lonxano daquel fin de alerta, disuasión e intervención cara as ameazas exteriores, o Castelo acolle hoxe o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), como punto de reflexión e denuncia, como centro dinamizador de actuacións que redunden na mellora das nosas actuacións colectivas en relación co medio ambiente.





As FORMAS de XESTIÓN DEPORTIVA

Juan Rivas

Director Cidade Deportiva de Riazor.

Non imos descubrir agora que a práctica deportiva foise convertindo xa no século pasado nun feito social de gran trascendencia, no só por ofrecer ao conxunto da poboación a posibilidade de manter ocupado o seu tempo de ocio, senón tamén por outros factores de mellora, relativos aos aspectos sanitarios, educacionais, económicos, etc. A atención destas necesidades poboacionais ven encomendada ás Administracións Públicas a través da Constitución Española, Lei Xeral do Deporte, Estatutos de Autonomía, Lei de Bases de Réxime Local, etc. establecendo esta última cais son as competencias e materias nas que deben actuar os concellos, na promoción de todo tipo de actividades e na prestación de aqueles servizos deportivos públicos que contribúan a satisfacer as aspiracións e as necesidades da Comunidade Veciñal.

Non cabe ningunha dúbida que o deporte é un servizo público con infinidade de manifestacións e como tal debe estar tutelado e ao abeiro da estrutura estatal, autonómica e local, con independencia do respecto que merecen as iniciativas privadas e o tecido asociativo xa existente.

No ámbito da política deportiva local, os municipios dispoñen dunha serie de fórmulas de actuación previstas na lei de xestión directa e indirecta, comprendendo esta última: concesión, concertos, arrendamentos. Todas elas recollidas e previstas no Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas e no comprendido nela polo Regulamento de Servizo das Corporacións Locais de 1955.

A FEMP xa realizou hai algún tempo, unhas orientacións relativas á xestión, tendo en conta o número de habitantes de cada municipio. Así nos núcleos de non máis de 5000 habitantes, propón a xestión pola propia Corporación, sen a creación dun órgano especial. Desta forma o concello asume sen intermediarios e de maneira exclusiva toda a xestión do servizo mediante o persoal de plantel ou ben contratando técnicos ou outro persoal con cargo aos orzamentos ordinarios do Concello. Este procedemento está suxeito ás vicisitudes da en ocasións ríxida administración pública e polo tanto a municipal, o que pode facer que o sistema resulte pouco ope-


rativo. Existe ademais a dificultade engadida de que se o tecido asociativo non é suficientemente forte e cohesionado entre si e está ben coordinado coa propia estrutura municipal, a calidade dos servizos sexa baixa ou moi baixa.

Nos Concellos de entre 5.000 a 15.000 habitantes aproximadamente, propónse a xestión novamente pola Corporación, mais neste caso coa axuda dun órgano especial, no que xa se pode contemplar a figura dun Presidente, Xerente, ou persoa responsable no seu caso á cabeza e cuxo funcionamento recae nun órgano colexiado baixo a denominación de: Consello de Administración.

Neste suposto a organización deportiva ficará máis profesionalizada e esta circunstancia debe verse reflectida nunha mellora da calidade dos servizos prestados. En municipios de máis de 15.000 habitantes, unha das solucións apuntadas é a figura da Fundación Pública de servizos, xa perfectamente dotada de personalidade xurídica propia e cuns órganos de administración ben definidos. Neste caso cabería a posibilidade de prestar outros servizos deportivos aínda que estes no fosen propiamente de competencia municipal. Esta opción permite un maior aproveitamento de todos os espazos dispoñibles para a práctica deportiva, así como adaptarse ás novas demandas con maior flexibilidade e creatividade consolidando unha estrutura estable con persoal especializado, tanto técnico como administrativo.

Do punto de vista dos inconvenientes, calquer incremento do persoal leva consigo a correspondente dotación económica e córrese o risco de afogar a iniciativa privada e o tecido asociativo cun excesivo control e dirixismo das entidades deportivas locais. Moitas destas Fundacións fóronse abaixo por se pretenderen desvincular das liñas de política deportiva fixadas polo goberno local, convertindo o seu modelo administrativo, a priori moi flexible, nun búnker infranqueable.

As Administracións Municipais dispoñen tamén da posibilidade de utilizaren outras fórmulas de xestión indirecta como a concesión, fórmula estrela empregada na actualidade, cando o que prima do punto de vista do intere-



se municipal é a diminución dos gastos de explotación ou o incremento dos ingresos, ou o concerto, pacto entre a administración local e outra entidade pública ou privada, segundo o cal a dita entidade aporta ou utiliza o que se establecer no seu momento sen que isto supuxer a creación dunha nova persoa xurídica, permitindo dispor ao Concello da facultade de deixar o citado pacto sen efecto algún, no momento que estimar oportuno, ben por dispor doutros servizos análogos ou por calquer outra circunstancia.

Existe tamén a opción de establecer unha sociedade de xestión mixta con participación de capital público e privado (Xestión Indirecta) aínda que non soe empregarse na posta en marcha de grandes recintos para servizos deportivos e si noutros casos como a construción de vivendas, obras de saneado, etc.

A pesar da súa escasa utilización, esta fórmula, probablemente solucionaría algún dos problemas de concellos pequenos que por dispoñer de terreo público e teren acceso directo a axudas comunitarias, complementarían perfectamente os seus obxectivos, "asociándose" con empresas de xestión dos servizos deportivos, de ocio, tempo libre, etc., aportando a administración local a base fundamental dos recursos e a empresa privada a súa experiencia e profesionalidade no campo da xestión. Algo similar ao que ocorre nalgúns modelos de xestión indirecta en que o Concello ten unha maior ou menor corresponsabilidade nos resultados económicos da explotación, así como nos éxitos ou fracasos da xestión.

Algúns responsables políticos, prefiren soltar lastre canto antes, ao enfrentárense a xestionar un equipamento que lles vai supor unha carga orzamentaria engadida, abandonándose en mans do mellor postor, olvidándose do necesario control que deben de exercer sobre os servizos que se van prestar, do punto de vista da explotación económica, condicións de traballo do persoal contratado, etc. algo que a medio/longo prazo volverase contra a administración municipal, a modo de conflictividade laboral, máis conservación dos grandes recintos, cuantiosas reparacións de urxencia, incumprimento da lexislación relativa á prevención de medidas hixiénico sanitarias: lexionela, renovación da agua dos vasos, niveis de temperatura, etc.

En definitiva é interesante que dun ou doutro xeito os responsables deportivos municipais, participen na xestión do servizo que se presta no municipio e non perdan o control duns equipamentos que para os conseguir, necesitouse realizar un considerable esforzo e agardar un longo período de tempo para o seu disfrute.

Como reflexión final, podemos dicir que non hai unha fórmula máxica e específica para a aplicación dun determinado modelo de xestión. Existe, porén, un abano de posibilidades que deben utilizarse, illada ou conxuntamente en función dunha serie de parámetros ou indicadores que nunhas ocasións serán técnicos (poboación, demanda, infraestructuras, dispoñibilidade de persoal, etc) e noutros políticos (características socio económicas do municipio, áreas, barrios ou parroquias de actuación prioritaria, segmentos de idades con maior número de individuos, etc.)

Todos estes criterios, poden utilizarse como ferramentas perfectamente válidas para conseguir os obxectivos que o goberno municipal proxectar, xa que este é en definitiva quen finalmente do mandato obterá ou non o aprobado popular, fica para os técnicos o labor, ás veces ingrata, de informaren da idoneidade do método, das vantaxes ou inconvenientes da súa aplicación, de velaren polo cumprimento da lexislación xeral e da normativa particular, sen deberen en ningún caso, "facer campaña" co seu desacordo, procurando asesorar e "convencer", desenvolvendo os programas, a promoción e imaxe da entidade, a informatización dos centros, o control dos equipamentos, a atención ao usuario, etc.

Convén non esquecer tampouco os responsables políticos que con anterioridade ao nacemento das corporacións democráticas, os concellos tiñan a obriga de destinaren ao deporte o 2% do seu orzamento xeral. A importante puxanza do fenómeno deportivo nos últimos 20 anos, non se viu representada por un aumento progresivo destas porcentaxes e sería bo ter presente que confeccionar os orzamentos da área de deportes, debe ser algo máis que reservar unha partida que contemple as festas deportivas de verán e o trofeo do equipo de fútbol da localidade.

O FEITO DEPORTIVO LOCAL: unha visión ¿particular?.

Ramón Villanustre Ordóñez

Servizo Municipal de Deportes do Concello de Rianxo.



¡Quedos! Paremos un pouco. O mundo, o "noso mundo", non se vai deter por nos baixarmos un momento e o observarmos desde fóra. Afortunadamente tamén avanza sen nós. Tendes problemas. Teño problemas. Os políticos, os directivos, os usuarios,... Todos temos unha visión ¿particular?, forxada através da nosa formación e da experiencia, tanto no deporte como xeralidade ou como na súa expresión no noso sistema local. Sen embargo, se reflexionarmos en voz alta, veremos que compartimos unha grande parte das inquedanzas, pensamentos, arelas, frustracións e, por suposto, das esperanzas e ilusións que o desenvolvemento do noso labor nos produce día a día. Non se trata aquí de facer unha exposición teórica, que tampouco sería a persoa axeitada, se non que vai máis próximo ao terreo das vivencias persoais, que ao fin e ao cabo, son compartidas, e que nos darán un punto de partida para a reflexión sobre o noso traballo.

¿Qué facemos co pavillón?.

- Habrá que abrilo e facer actividades.

A aparición dos Servizos Municipais de Deporte (en adiante, SMD), venciéronse á aparición das instalacións deportivas. Os Concellos atópanse con algo novo que xestionaren, que escapa do ámbito dos servizos municipais clásicos, e que ten unha forte demanda social. O enfoque inicial, que unicamente pretendía a xestión de equipamentos deportivos e actividades propias, veu dado pola necesidade de resolveren unha urxencia concreta máis que por atenderen e dinamizaren un concepto tan amplo e intanxible como é o deporte. Apesar desta falla inicial de concreción nas funcións e competencias municipais, pouco a pouco fóronse dinamizando todos os aspectos que compoñen un sistema deportivo local, asumindo na actualidade os Concellos un grande peso na promoción do deporte.

O Concello vai acabar con nós.

- Se non hai competición non é deporte.

Evidentemente, este proceso foi longo e non precisamente doado. A irrupción dos SMD como novos axentes promotores de actividade física desencadeou reaccións encontradas entre os membros da comunidade deportiva tradicional, que mantiveron, de xeito xeral, unha postura de certo rexeitamento e desconfianza por unha suposta competencia que afogaríase tanto aos clubs, como ás entidades con ánimo de lucro. Pouco a pouco, foise creando un novo marco organizativo no sistema deportivo local, por medio da ampliación do concepto do deporte máis alá do enfoque competitivo e da adopción de visións orientadas ao tempo de lecer, á saúde, á formación integral da persoa,..., que permiten a participación e colaboración no feito deportivo a todos os membros da comunidade.

Só nos queren para que lle demos cartos.

Os concellos, na súa incorporación á xestión deportiva, partiron cunha grande vantaxe respecto do sector privado: o control dos recursos económicos e infraestruturais, o que lles permitiu avanzar moito camiño en pouco tempo. Sen embargo, tamén propiciou unha postura de forza na relación cos demais axentes deportivos, na que asumiu moitas das funcións destes, desencadeando, en moitas ocasións, un abuso de control e un mal entendido intervencionismo, non sempre a prol do desenvolvemento axeitado do sistema deportivo local.



• ¿Por qué hai que contratar a alguén para iso? Xa o podes facer ti.

- De deporte todo o mundo sabe.

Procedente do deporte -normalmente desde as dúas vertentes posibles, como practicantes e con formación académica no campo- aparece a figura do técnico deportivo. Apesar de recoñecerse, tanto do punto de vista político como social, a necesidade dunha preparación específica para asumir este cargo, aínda está pendente de resolver a concreción e definición das nosas funcións. O afán inicial de demostrarmos capacidades e dotarmos de valor ao noso traballo, unido á falla de intención e lentitude, por parte da Administración, de desenvolver os SMD na medida da demanda real, fan que moitas veces o Servizo se restrinja únicamente ao técnico, que fai de monitor, árbitro, deseñador gráfico, peón, administrativo, notificador... Sen deixarmos de valorar a importancia que todo isto tivo como punto de inicio, temos que avanzar cara a unha parcelación laboral ben entendida e á reivindicación dun campo de traballo complexo, con distintas labores que deben ser cubertas por perfís profesionais específicos. Neste eido, aínda existe certa precariedade na formación específica en xestión e na definición dos ámbitos laborais que debe cubrir cada unha das titulacións.

Dentro da Administración Local, debemos ir gañando valoración e respecto para o noso campo profesional, librando unha batalla a prol da planificación e da ordenación da xestión deportiva e habilitando ferramentas que nos proporcionaren relacións e intercambios óptimos cos demais departamentos municipais.

No conxunto dunha sociedade que está asumindo o fenómeno deportivo como valor cultural, de ocio e, de xeito engadido, como sector económico

inherente á calidade de vida propia do Estado do Benestar, incrementase a formación dos cidadáns en materia deportiva e, por conseguinte, a demanda de máis servizos e de maior calidade. É aquí onde debemos facer valer a nosa condición de especialistas, cun traballo rigoroso, ben fundamentado e, en definitiva, eficaz, que nos convirta en referente neste campo. Revisando o noso comportamento como grupo, tanto de profesionais do deporte como especialistas en xestión, precisamos impulsar a comunicación intraprofesional para, por unha banda, intercambiarmos ideas, impresións, solucións,..., sobre o noso quefacer diario, e, por outra, consolidarmos un colectivo que poida ter influencia á hora de elaborar accións, tanto para o progreso deportivo, como para o progreso social da nosa profesión.

• Ti que saberás de construír instalacións.

A relación coas institucións supramunicipais reproduce, en certa medida, o errado papel que adoitan representar os clubs deportivos e os SMD no ámbito local, prevalecendo unha comunicación vertical e de marcado carácter subvencionista. Resulta paradóxico que o campo no que menos interveñen os Concellos, apesar de ser o elemento máis determinante da acción municipal no deporte, sexa na planificación, construción e deseño das instalacións deportivas.

Noutro senso, debemos reclamar a asunción definitiva da xestión coma un capítulo clave dentro do sector deportivo, con particularidades e necesidades de formación que demandan accións específicas que melloraren a nosa capacitación profesional.

• Había que...

O camiño do progreso local do deporte pasa por comprendelo como unha realidade cultural ampla, máis alá dunha estricte concepción municipalista. Como profesionais, debemos asumir a responsabilidade de coordinarmos o seu desenvolvemento, integrando ao sector deportivo nun fronte común, con todos os obxectivos particulares que poidan existir, que o doten de contido e valor para a nosa comunidade e no que cada un dos membros, desde o simple practicante ata o clube deportivo, traballen para acadaren unha estrutura deportiva madura, moderna e á medida das necesidades do noso pobo.

Nun proxecto desta índole deben intervir todos os sectores afectados, entrando en xogo a formación, a comunicación e a planificación, palabras clave que todos coñecemos mais que custa moito traballo aplicar, na maioría dos casos non por falla de coñecementos ou criterios, senón porque sempre hai outras cousas que facer. As entidades precisan asumir a necesidade de reciclaren a súa forma tradicional de traballo, de reinterpretaren a súa relación económica e organizativa coa sociedade e as administracións, sobre todo a local. Os practicantes deben camiñar na súa formación e autonomía deportiva. O estamento político, entender o mundo do deporte coma un servizo social e cultural, evitando usos políticos. Os SMD e as administracións teremos un importante papel de guía, promovendo, facilitando, complementando e aproveitando o seu labor.

Nas nosas mans temos a oportunidade de participarmos no desenvolvemento do que posiblemente será un dos grandes avartzos sociais e culturais do noso tempo, onde, quizais, o maior reto sexa conseguirmos a adaptación da Administración, buscando fórmulas de xestión válidas para podermos seguir o vertixinoso ritmo do deporte. Pode que cada un de nós nos atopemos nun momento distinto do proceso, mais o camiño será para todos o mesmo.



www.cgai.org

Web do Centro Galego de Artes da Imaxe. Posúe biblioteca e empréstimo en liña, ademais dun servizo de publicacións centrado no cine, na fotografía e no sector audiovisual galego.



www.globalgallery.com

Completa web internacional sobre arte, con especial énfase na pintura. Potente buscador por títulos de artistas, con posibilidade de acceder a comentarios e conversas prácticas de centros de creadores.



www.gestioncultural.org

Portal iberoamericano con artigos e noticias sobre a xestión cultural en varias linguas.



www.centrodearte.com

Apoiado nun deseño vangardista, ofrece unha completa selección de galerías, institucións e feiras sobre artes contemporaneas en España, Portugal e Iberoamérica.



www.diba.es/cerc/cendes

Portal da Diputación de Barcelona, onde a axencia que informa, xestiona e forma en acción cultural, o cerc, posúe unha revista dixital con artigos de opinión e publicacións.



www.babab.com

Posúen unha revista cultural española bimensual en liña. Contidos: literatura, música e artes plásticas. De atractivo deseño, repasa a actualidade cultural mediante entrevistas, reportaxes e dispón dunha biblioteca que permite descargar libros gratis.



SUBIRATS, J. (coord., 2002): **Gobierno local y educación. La importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela.** Barcelona: Ariel.

Libro útil para os que teñen responsabilidades en temas educativos vencellados á acción municipal e de desenvolvemento local.

LEON, S. e DOMÍNGUEZ, J. (2002): **Actas del III Congreso Internacional de Educación Física: Educación Física, Ocio y Recreación.** Jerez de la Frontera: Junta de Andalucía [Contactar: cieq@ono.com].

Neste congreso abordouse a temática da actividade física desde a perspectiva do lecer e a recreación, destacando o avance deste enfoque de intervención fronte os máis tradicionais. A forte demanda social de actividades físicas recreativas está a provocar a aparición de novos xacementos de emprego, fenómeno que debe ser coñecido e analizado polos responsables da intervención deportiva municipal.

COMAS, D. (2001): **Evaluación de programas de ocio alternativo de fin de semana.** Madrid: Instituto de la Juventud.

Os programas de ocio alternativo de fin de semana promovidos polos Concellos son cada vez máis numerosos. Este libro fai unha útil proposta para avaliar os programas, e presenta varios programas e alternativas. Pode ser de grande interese para os técnicos/as municipais.

DEL PINO, J. A., DAUSO, A. e MARTÍNEZ, R. (2001): **Prácticas de ocio, cambio cultural y nuevas tecnologías en la juventud española de fin de siglo.** Madrid: CIS.

Estudo elaborado polo Centro de Investigacións sociolóxicas que nos achega á realidade da xuventude. Son interesantes as aportacións en canto a ocupación do tempo de lecer.

REBOLLO, S. e LATIESA, M. (2002): **Salidas profesionales en el campo del turismo deportivo.** Málaga: IAD (Instituto Andaluz del Deporte).

Na primeira parte da obra recóllense aportacións sobre aspectos conceptuais relacionados co turismo deportivo e as saídas profesionais. Na segunda parte establécense os mercados laborais concretos do turismo deportivo (náutico, de aventura, de neve, etc...). Especialmente interesante para concellos que empreguen (ou preteñan facelo) o deporte como elemento de promoción turística.

MESTRE, J. A. (2002): **Planificación estratégica de la gestión de piscinas.** Madrid: Gymnos.

Proposta de formas de xestión a longo prazo, cun alto control das variables que afectan ao rendemento destas instalacións. Téntase atopar fórmulas que permitan manter os servizos de piscina dentro dunhas marxes de rendibilidade asumibles polos concellos.

AGUILAR, M^a. J., FRESNO, J. M. e ANDER-EGG, E. (2001): **Como elaborar proyectos para la Unión Europea.** Madrid: CCS.

Aporta coñecementos básicos sobre o deseño de proxectos e explica os pasos a seguir para elaborar proxectos para a Unión Europea. Achegamento a unha vía pouco coñecida para obter recursos que permitan desenvolver plenamente as políticas municipais.

ACGEP (Asociación Catalana de Gestors Esportius Professionals, 2002): **2º Congreso de Gestión Deportiva de Cataluña.** Barcelona: INDE.

Actas en castelán das distintas conferencias, mesas redondas, ponencias, comunicacións e exposicións do 2º Congreso de Xestión Deportiva de Cataluña: "Novos retos fronte á transformación do deporte". Tamén inclúe as conclusións do 1º Congreso de Xestión: "Perspectivas de futuro". Interesante para coñecermos o que se está a facer noutras comunidades a nivel de intervención deportiva municipal e a dirección en que van as novas tendencias.



www.diccionarios.com

Permite a consulta dos dicionarios vix en novas linguas.



www.redcreacion.org

Revista de recreación que inclúe documentos a texto completo (artigos e actas de congresos), ademais de noticias, enlaces e descripción de plans de intervención en recreación.




www.efdeportes.com

Revista electrónica con artigos a texto completo de todas as temáticas relacionadas coa actividade física e o deporte. Buscando por "xestión deportiva" ou "deporte municipal" atópanse interesantes aportacións sobre a intervención deportiva municipal. Posúe sección de novidades editoriais.



www.oei.es

Páxina da organización dos Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura. Moi completa. Dispón dunha revista electrónica gratuita.



www.deusto.es/infgeneral/publicaciones

Portal da Universidade de Deusto. No apartado de información xeral, seleccionando publicacións, temos acceso a varias liñas editoriais. A liña de publicación verde, inclúe a colección "Documentos de Estudos de Ocio", de máximo interese para as persoas que se adiquen á intervención no tempo de lecer da poboación.



www.zarademu.com

Exemplo dun servizo de deportes municipal na rede (neste caso do concello de Zaragoza). Especialmente útil para municipios grandes, con dispersión poboacional ou con programas moi amplos e diversos. O usuario pode acceder á información do servizo por internet (axenda de actividades, instalacións deportivas, características das actividades deportivas ofertadas, etc...) e contactar vía correo electrónico cos xestores do mesmo. Ofrécese a posibilidade de descargar o programa completo.



CALVO, A. (2002): **La animación sociocultural. Una estrategia educativa para la participación.** Madrid: Alianza editorial.

Aborda a animación sociocultural como unha estratexia aberta e permeable aos referentes sociais e culturais que marcan as tendencias de intervención social na actualidade, desde unha perspectiva que acentúa o seu carácter educativo.

PÉREZ-SOBA, I. (1996): **La juventud española y la cooperación para el desarrollo.** Los libros de la Catarata.

Os programas e organizacións de cooperación para o desenvolvemento espertan interese na xuventude; o autor ofrece neste libro unha interesante valoración.

CHACÓN, F. e VECINA, M. L. (2002): **Gestión del voluntariado.** Madrid: Síntesis.

Visión global dos procesos implicados na xestión dos programas de voluntariado (captación, selección e adaptación ás funcións máis axeitadas, procedementos de formación e control, etc...).

ZUBIRIA, S. et al (2001): **Conceptos básicos de administración y gestión cultural.** Madrid: OEI.

Manual básico que, aínda que se centra nas realidades de Iberoamérica, reflexiona arredor de conceptos e prácticas culturais.

LUCIO-VILLEGAS, E. (coord., 2001): **Espacios para el desarrollo local.** Barcelona: PPU.

Contribución interesante para situarse nas coordenadas teóricas do desenvolvemento local, así como algunhas experiencias que se presentan en cinco dos oito capítulos do libro.

KRAMER, F. (2002): **Manual práctico de educación ambiental. Técnicas de simulación, juegos y otros métodos educativos.** Los libros de la Catarata.

Un dos ámbitos nos que máis interese ten a xuventude en participar, tanto no ámbito do voluntariado como no seu tempo libre, é o relacionado co medio ambiente (fundamentalmente natural). Este libro presenta unha serie de xogos e estratexias que nos permiten integrar a dimensión ambiental na planificación de actividades.

VAA (2002): **Guía de hábitos saludables para mayores.** Barcelona: INDE.

Aporta pautas básicas para o desenvolvemento de práctica deportiva saudable en poboacións de terceira idade. Esta guía está pensada para que as propias persoas maiores poidan empregarla directamente. Pode aportar ideas para que os participantes en programas para terceira idade alcancen unha maior autonomía na práctica de actividade física.

UNESCO (2001): **Informe mundial sobre la cultura: 2000-2001. Diversidad cultural, conflicto y pluralismo.** Mundi Prensa.

No debate arredor da cultura entre tradición e globalización xorden movementos sociais e gobernos que intentan garantir o respecto aos seres humanos e ao seu medio ambiente. Este é o segundo informe mundial sobre a cultura no que distintos especialistas aventúranse a recomendar novas políticas culturais. Moi interesante a parte dedicada ao patrimonio cultural.

LUQUE DOMÍNGUEZ, P. A. (coord., 2002): **Educación Social. Análisis de recursos comunitarios.** Sevilla: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Sevilla.

Profundización nas características e potencialidades dos recursos comunitarios para o desenvolvemento de programas de educación social. Interesante para aqueles que buscan cauces para optimizar o aproveitamento das posibilidades contextuais para mellorar a calidade de vida de certos colectivos.

SOUKIE, D. (2002): **Administración, organización y gestión deportiva.** Barcelona: INDE.

Este manual serve de introducción xeral aos procesos básicos da xestión e á súa aplicación nas organizacións de actividade física e deportiva. O lector atopará referencias sobre as funcións do administrador, a planificación e organización de recursos, o tratamento da información e o proceso de avaliación.

Mesa de técnic@s, Foro de concelleir@s

Cultura, Deportes e Xuventude

interea = Adv. tempo lat. // *Mientras tanto, ó fío, paralelamente.*

No Pazo de Mariñán, en novembro ou principios de decembro.

Ponencias, presentación Informe, soportes materiais, directorios, publicacións de interese...

a provincia como marco, as realidades municipais.


Activar, dar voz, crear rede, de resultados vinculantes coa praxe...

Encontrarse, debater, preparar coparticipadamente con expert@s, polític@s e técnic@s e investigadores.

Compartir a gran cantidade de pensamento cultural creativo que fomos acumulando en cada unha das vilas e cidades da provincia.

Dar resposta á demanda social de colaboración cultural posta de relevo por diversos axentes do local.

Xerar estratexias culturais e deportivas transversais de interese común.



interea 2002

A Acción Municipal en Cultura, Deporte e Xuventude

Desde a vontade de cooperar na construción dun futuro que posibilite novas oportunidades para o traballo compartido, dende a reflexión e a acción, no que facer político e profesional, nas iniciativas e nas prácticas que se desenvolvan. Cooperación que, ademais de sustentarse no encontro e diálogo entre diversos axentes, favoreza o coñecemento das súas realidades e a búsqueda de alternativas que melloren a calidade de vida da cidadanía.

Un tempo-espacio a celebrar anualmente que propicie estes logros: como observatorio e foro, como proxecto e traxecto dun percorrido que ten na xuventude, na cultura e no deporte os seus principais referentes.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA